

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e oito de novembro de dous mil catorce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, incorporouse á sesión cando se trataba o punto cuarto da orde do día.

O deputado do Grupo Popular, don Antonio Montero Fernández, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 13º da orde do día.

Non asiste o deputado don José Víctor González Vázquez, do Grupo Socialista.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2014 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 14 DE NOVIEMBRE DE 2014.-

O Sr. presidente preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 31 de outubro de 2014 e á extraordinaria do día 14 de novembro de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobadas as ditas actas por unanimidade.

2º.- RENUNCIA DE DON JOSÉ VÍCTOR GONZÁLEZ VÁZQUEZ AO CARGO DE

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

DEPUTADO PROVINCIAL.-

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

O **Sr. presidente**, en nome dos tres grupos políticos, agradécelle o seu traballo no tempo que formou parte desta Corporación.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don José Víctor González Vázquez, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a designación de suplente para a toma de posesión na próxima sesión.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES QUE O CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA TEN ATRIBUÍDAS EN MATERIA DE XESTIÓN RECADATORIA DE MULTAS COERCITIVAS E EXECUCIÓN FORZOSA DE ACORDOS MUNICIPAIS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados presentes do Grupo Socialista (6) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Chandrexa de Queixa ten atribuídas en materia de xestión recadatoria de multas coercitivas e da execución forzosa de acordos municipais previstos no artigo 96 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 17 de outubro de 2014. A dita delegación rexerá polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

4º.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS PARA O EXERCICIO 2015.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que xa manifestaron, na anterior ocasión en que se debateu esta proposta, que a pretensión deste Plan é darlle carta de natureza a unha práctica que ben sendo a tónica xeral nesta institución, que non é outra que o uso e abuso das subvencións a dedo. O informe di dúas cousas importantes: primeira, que se aproba o segundo Plan estratéxico de subvencións sen terse avaliado o resultado do primeiro, cuestión que non é banal. E segunda, que o plan parte dun criterio continuista. Parece un contrasentido darlle continuidade a algo cando non se avaliou o resultado do anterior. Non comparten entre os obxectivos do devandito plan o feito de prestar axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria, porque iso podería levarnos, e resulta así en moitos casos, a ser os pagáns da mala xestión e da utilización indebida por parte dos concellos, e desde o BNG consideran que o diñeiro público debe investirse en proxectos dinamizadores e xeradores de riqueza e emprego. Tampouco comparten o feito de que a Deputación asuma, integramente, competencias impropias, en materia de servizos sociais. Centrándose na ordenanza, con carácter xeral contén as previsións da normativa estatal e galega de subvencións, pero con dúas obxeccións concretas: aínda que se reitera o esquema de concesión de subvencións baixo publicidade como regra xeral, mantéñense dúas excepcións poderosas e que permitirán manter "axudas a dedo": as nominativas previstas no orzamento e as de emerxencia social. En ambos casos a súa concesión pode ser discrecional e dun volume importante. No caso das nominativas o único límite é que non superen o 20 por 100 do total das concedidas pola Deputación. Estamos a falar de máis de 1.800.000 euros, 600 mil euros máis que no exercicio anterior, sen ter en conta as sucesivas modificacións de crédito producidas ao longo do exercicio, o que incrementa notablemente a cantidade destinada para tal fin. Unha cifra desorbitada, pois ese tipo de subvencións está previsto para casos singulares. O Grupo Popular gábase de ser a única administración do mundo mundial que acouta, nas bases de execución, unha porcentaxe para subvencións nominativas do 20% A cuestión non é a porcentaxe, que é discutible, dada a contía que supón (algo máis de 1,8 millóns de euros), senón na trampa que utilizan, que consiste en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

aumentar o número de concursos, algúns deles cun resultado predicible e outros de dubidosa ou ningunha necesidade. De cómo reparte o Sr. presidente queda acreditado no contido nas bases de execución: polo cal lles vai repartir aos concellos, por esa vía, practicamente todos do PP, 1.185.804,24 euros. O que ten que facer o Sr. presidente, se quere pasar á historia, e facer desaparecer este tipo de subvencións, ou unicamente prevelas para entidades ou persoas singulares, entendendo por tal aquelas que desenvolven unha actividade con exclusividade. Outra cuestión é a escasa regulación relativa á xustificación de axudas e ao reintegro de subvencións, neste caso, non só reintegro, senón normas sancionadoras para os incumpridores e tamén de regras para imposibilitarlles solicitar novas axudas a aqueles que defraudaron nun tempo determinado, como penalización. Neste sentido, régúlase só o pago da Deputación ao beneficiario, máis non como este ten que facer a xestión deses fondos públicos e acreditar que se usaron para a finalidade concedida. Nisto a ordenanza está a anos luz do Regulamento de subvencións da Xunta, que procuraba non só transparencia na concesión senón na xestión posterior dos fondos por persoas privadas, pois aínda sendo desa natureza quen xestiona, o diñeiro é público e debe esixirse unha xestión acorde con ese carácter dos fondos. En consecuencia, e logo do exposto, adianta que votarán en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, lembra que no anterior Plan estratéxico de subvencións o seu grupo votou abstención porque lles parecía ben a intención, pero tiñan que ver como funcionaba xa que desconfiaban de que só quedase nun titular e que non fose unha ferramenta útil para os concellos que solicitaban as subvencións. O que ocorre é que estamos na carreira de ver que cargo público do Partido Popular ten máis cara, porque despois de ver o que ocorreu con este Plan estratéxico de subvencións e ver o que se quere aprobar hoxe non lle queda outra que dicir isto. Xa apuntou algo o portavoz do BNG, pero hai que dicilo máis claro aínda para que se entenda. O Grupo Popular presenta, case por un importe de seis millóns de euros, un Plan estratéxico no que en teoría todos os concellos poden optar a subvencións cuns criterios obxectivos con medidas de transparencia que non se fixeron noutros lugares. Pero a realidade lévanos ver que neste propio Plan estratéxico se mesturan subvencións nominativas a dedo que nada teñen que ver co espírito do que se está a falar. En definitiva, dise unha cousa e a contraria, porque hai subvencións nominativas para escolas de música, actividades culturais ou equipamentos culturais ... e aos demais concellos non se lles dan esas subvencións nominativas e teñen que optar a elas pola vía da concorrència

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

competitiva. Iso é un engano que sempre acostuma facer o Grupo Popular. Non só isto, porque as que se dan por concorrencia competitiva son un fracaso, incluso recoñecido polos alcaldes do Grupo Popular. Nótase moito a man de alguén (neste caso o Sr. presidente) que non ten nin idea do que é traballar nunha administración local, entre outras cousas porque é un concelleiro virtual e nunca tivo xestión. Por exemplo, para pedir equipamentos deportivos e demais, hai que facer investimentos por importe de 50.000 euros para que dean 4.000 euros por concorrencia competitiva, e calquera que estea na administración neste momento sabe que eses 4.000 euros só chegan para poñer o cartel do que se vai facer. Asegura que o 99% dos que pediron ese tipo de subvencións van ter que devolvelas. Aquí ven a terceira trampa, que é cómo se van reintegrar eses cartos que deixan de percibir porque teñen que renunciar a eles, pois seguramente mediante modificación orzamentaria no seguinte orzamento para dar subvencións a dedo, que irán parar a aqueles concellos que renunciaron pero que son do Partido Popular. Esa é a realidade e non hai outra: é un engano máis do que é un fracaso. Para que non lles digan que sempre veñen aquí criticando todo e que non achegan nada e sempre traen un folio en branco, lembra que no Pleno do debate do estado da provincia xa fixeron achegas e unha delas era a seguinte: que houbera unha partida orzamentaria para os concellos, que supuxera o 10% do importe total do orzamento da Deputación. Tendo en conta que a Deputación, máis ou menos, ten unha media de setenta millóns de euros, serían sete millóns de euros, case a cantidade que se recolle neste fracaso. Eses sete millóns de euros incorporaríanse ao Plan de cooperación e significaría que, con criterios obxectivos de poboación e servizos públicos que se prestan (non é o mesmo un concello que teña moitos habitantes pero que ao mellor non presta os mesmos servizos como presta un con menos) cada concello podería recibir unha media de cincuenta, setenta ou oitenta mil euros e que cada un os utilizase no que considerase mellor para o seu concello. Pero o Grupo Popular non quere facer isto, porque despois non poden facer a trampa. O Grupo Socialista fai propostas interesantes, que incluso son compartidas por alcaldes do PP, pero a trampa ven por outro lado e está escrito nos documentos. Anuncia que o Grupo Socialista votará en contra, pero non en contra da filosofía da cuestión, senón en contra do fracaso, porque aquí se segue a facer o mesmo, disfrazado e vendendo outras cousas pero se está enganando á xente e iso é máis grave que facer as falcatruadas de cara.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que lle gustaría empezar lembrando que, á marxe doutras consideracións lexítimas en política, hoxe se van

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

poñer a disposición da provincia de Ourense 12,4 millóns de euros cunha antelación nunca vista nesta Deputación. Deses 12,4 millóns de euros, tan só o 2,24% son en subvencións nominativas, o resto será por concorrencia competitiva. Logo falará de modelos que se practican noutras administracións. Como ben se di na memoria xustificativa do Plan estratéxico, por segundo ano, a Deputación Provincial de Ourense, e en cumprimento do establecido na Ordenanza xeral de subvencións desta Administración (BOP de data 13.12.2013 que conforme coa súa disposición derradeira, entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2014), procede a elaborar o seu Plan Estratéxico de Subvencións. Na referida norma atópase unha regulación específica da planificación estratéxica das subvencións provinciais. Entre outros aspectos, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación recolle expresamente no seu artigo 12 o carácter preceptivo dos plans estratéxicos como requisito previo para a concesión de subvencións. En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico, co contido e obxectivos sinalados na ordenanza, resulta unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións no exercicio 2015, tanto por parte da Deputación como por parte do INORDE. A elaboración deste Plan responde, esencialmente, aos seguintes principios: óptase por elaborar un plan estratéxico a curto prazo, cunha vixencia dun ano, coa idea de que a súa avaliación permita, no futuro, planificar a máis longo prazo. Esta decisión ven motivada por dous factores. En primeiro lugar porque o plan estratéxico se emprega por segunda vez na Deputación Provincial, xa que o primeiro correspondía ao exercicio 2014 e polo tanto na data de redacción do presente plan atópase sen finalizar e sen avaliar. En segundo lugar debe terse presente que no ano 2015 se procederá á renovación da Corporación Provincial, polo que por un principio de prudencia, non se debe planificar máis alá deste exercicio. Neste sentido, considérase que unha das principais utilidades do plan reside na súa capacidade de sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos vixentes orzamentos. Debe destacar tamén que neste Plan se parte dun criterio continuista con respecto á política de subvencións seguida ata a data, baseado en consideracións de oportunidade, tendo en conta que a política de subvencións afecta a sectores que dependen destas axudas para o ordinario desenvolvemento das súas actividades, o que determina que calquera cambio nestas políticas poida ter efectos drásticos sobre as actividades subvencionadas, particularmente con respecto ás entidades sen ánimo de lucro que dispoñen de escasas alternativas de financiamento. O Plan estratéxico concíbese, como un instrumento programático. En primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para liñas de acción

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

non previstas no Plan, e, en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións. O Plan estrutúrase en sete liñas de acción iniciais (cooperación coas entidades locais, fomento da cultura, fomento da educación, fomento do deporte, fomento do benestar social, fomento do desenvolvemento económico e fomento do asociacionismo veciñal). En coherencia co carácter programático do Plan non poderán concederse subvencións para finalidades non comprendidas nas liñas de subvención previstas no presente Plan. En todo caso, nos supostos en que os órganos xestores do plan consideren necesario apartarse das orientacións estratéxicas que este contén, deberán motivalo suficientemente. Referíndose de novo a estas sete liñas de actuación, en canto á liña 1 de cooperación ás obras e servizos municipais, manifesta que os seus obxectivos son os seguintes: garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando o nivel de investimento dos últimos anos. Prestar axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria; garantir o financiamento mínimo para o mantemento dos servizos sociais de titularidade municipal e dos puntos de atención á infancia; e posibilitar a continuación da experiencia comarcal de xestión do servizo de depuración de augas residuais a través do Consorcio de Augas de Valdeorras. O importe previsto inicialmente para esta liña de actuación é de 6,4 millóns de euros. As subvencións correspondentes a esta liña xestionaranse a través dos seguintes instrumentos: o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e de rede viaria provincial, cunha dotación inicial de 4.848.000 euros. O convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos que dispoñen de grupos de emerxencias supramunicipais (GES), cunha dotación inicial de máis de 358.000 euros. O Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial (choferes tractores con rozadora), cunha dotación inicial de 360.000 euros. O Programa BenOurense (por cuarto ano consecutivo), cunha dotación prevista no orzamento de 2015 de 1.000.000 euros, que se dedicará a subvencionar equipos técnicos de apoio aos equipos municipais de servizos sociais comunitarios e ao servizos básico de axuda no fogar. Programa provincial de asistencia aos concellos e mancomunidades para a xestión de puntos de atención á infancia e outros servizos de atención á infancia, dotado no orzamento de 2015 con 200.000 euros. Unha subvención ao Consorcio de Augas de Valdeorras, por importe de 80.000 euros, para o financiamento do servizo intermunicipal de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

depuración de augas residuais, xunto coa Xunta de Galicia e os concellos afectados. Neste plan tamén se prevén convenios: coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, por un importe de 100.000 euros, para cofinanciar distintos convenios; coa Consellería de Educación e Cultura e Medio Ambiente e Infraestruturas e co Concello de Verín para a construción e equipamento do auditorio municipal (150.000 euros). Tamén se prevén pequenas subvencións para os concellos de Avión, Celanova e Trasmiras para gastos de mantemento de servizos municipais. Tamén está o programa de cooperación cos concellos para a realización de investimentos en materia de termalismo, sector estratéxico para a provincia, cunha dotación económica de 500.000 euros para actuacións que se convocarán en breve. En resumo, os obxectivos e custos previsibles das demais liñas de actuación, aparecen claramente detallados no Plan estratéxico. O voto do Grupo Popular será favorable á súa aprobación, porque o consideran completo e rigoroso en todos os seus apartados.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, logo da lectura e disección que fixo o Sr. Álvarez Dobaño do Plan estratéxico de subvencións, dicindo que este Plan se fai cunha antelación nunca vista nesta Deputación e porque hai que ser cautelosos, posto que en maio vai haber eleccións e se renovará a Corporación, manifesta que o resumo de todo isto é que este Plan se fai con tanta antelación única e exclusivamente porque en maio vai haber eleccións municipais (o subconsciente debeulle xogar unha mala pasada ao portavoz do Grupo Popular). Foi capaz de dicir que tan só o 2,24% serán para subvencións nominativas e que o resto se darán por concorrencia competitiva. En relación a isto di que a insuficiencia orzamentaria dun concello pode ser debida a que se fixeron os investimentos necesarios para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes, ou porque quen gobernaba nin quixo nin viu necesario facer os investimentos necesarios para que os veciños vivisen mellor e dedicouse a malgastar os cartos. Aí está a diferenza, e a uns habería que axudalos e aos outros habería que revalos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, non cre que ao Sr. Álvarez Dobaño o traizoase o subconsciente, senón a quen lle marca as pautas, que si goberna. Todo o que dixo é inviable e iso poderase ver cando os concellos empecen a renunciar ás subvencións que se marcaron como obxectivos. En ningún momento dixo que os obxectivos do Plan non fosen bos ou que non fosen, nunca mellor dito, obxectivos, o que ocorre é que quen non os cumpre é o Grupo Popular. Parécelle moi ben a atención á infancia, pero o problema ben cando a uns se lles dá por concorrencia competitiva e a outros se lles dá sen esa concorrencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Tamén lle parecen ben as subvencións para as actividades deportivas, equipamentos deportivos ou culturais, pero tamén hai subvencións nominativas para iso. Pregúntase por qué algúns concellos son os agraciados, ou se é como o anuncio da lotería do Nadal deste ano. En canto ao convenio coa Confederación Hidrográfica di que lle parece moi ben, pero o problema é onde se fan despois os investimentos, porque moitas veces se fan onde case non hai ríos e onde os hai non se inviste. Parécelle estupendo que se dean subvencións nominativas como a que lle dá ao Club Ourense Baloncesto, e os outros clubs teñen que ir a concorrencia competitiva, agora ben, se é xusto ou non xa cada un sacará as súas propias conclusións. Non lle poden discutir que coa proposta que fixo o Grupo Socialista todo sería máis fácil (refírese á partida do 10% xa mencionada, con criterios como poboación, dispersión, valoración dos servizos públicos que se presten, comprometendo que a dita subvención non tería carácter finalista). É o mesmo obxectivo que di o Partido Popular, pero sen trampa nin cartón. Esta proposta poderíase levar a cabo. Leu algún titular de non sabe cantas subvencións para máis de 50 concellos, pero o titular que non se vai ver (aínda que eles farán que se vexa) é o de cantos concellos renunciaron á subvención. Reitera que o Sr. presidente é un concelleiro virtual e de xestión cero e que seu grupo votará en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que non sabe en qué o puido traizoar o subconsciente, porque maio está aí e todos o saben. Quere lembrar que as subvencións non son só para concellos do Partido Popular, tamén para os gobernados polo BNG, o Partido Socialista e os independentes. En canto ao anticipo do 70% das subvencións para servizos sociais, supón que se lles fará a todos. Non se pode ver todo tan apocalíptico. Reitera que en canto ás subvencións nominativas se impuxeron a limitación do 20%, e así o di a Ordenanza: a contía total das subvencións nominativas previstas nos orzamentos non poderá exceder do 20% do importe total das subvencións previstas. As que se recollen no Plan estratéxico non superan o 2,4%. Consta no Plan que no primeiro cuatrimestre de 2016 a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o grao de execución do presente Plan estratéxico, no que se analizarán as principais incidencias e desviacións experimentadas, e que poderá conter propostas de mellora dos plans sucesivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión ordinaria que realice, e o seu contido terase en conta para a planificación estratéxica que se elabore para o exercicio 2016 e seguintes. Este Plan estratéxico de subvencións é unha actuación máis, ao seu entender moi importante, na liña de máxima

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

transparencia que preside e presidirá as súas actuacións e que, voluntariamente, se autoimpuxeron. Recentemente, nunha Deputación, onde cogoberna a oposición desta Deputación, acaban de aprobar o orzamento e de 265.000 euros de subvencións nominativas, menos do 16% son para concellos do PP e o 84% para concellos dos seus grupos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015, co seguinte contido:

“I. MEMORIA XUSTIFICATIVA

Por segundo ano, a Deputación Provincial de Ourense, e en cumprimento do establecido na Ordenanza xeral de subvencións desta Administración (BOP de data 13.12.2013 que conforme coa súa disposición derradeira, entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2014), procede a elaborar o seu Plan Estratéxico de Subvencións.

Na referida norma atópase unha regulación específica da planificación estratéxica das subvencións provinciais, contida no seu título III, regulación que intenta adaptar ás peculiaridades da Administración provincial a regulación xeral contida no artigo 8 da Lei xeral de subvencións, que carece dun desenvolvemento regulamentario específico para as entidades locais.

Entre outros aspectos, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación recolle expresamente no seu artigo 12 o carácter preceptivo dos plans estratéxicos como requisito previo para a concesión de subvencións, carácter que a lexislación vixente recollía no referido artigo 8.1 da Lei xeral de subvencións dentro dos principios xerais e que foi interpretado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, en sentenzas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, do seguinte xeito “... *dado o teor dos apartados 1 e 3 do artigo 8 e da Disposición adicional 13ª da Lei 38/2003, o Plan Estratéxico ao que se refire ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo ao que alude o apartado 1 dese artigo 8...*”.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico, co contido e obxectivos sinalados na ordenanza, resulta unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións no exercicio 2015, tanto por parte da Deputación como por parte do INORDE.

Polo anterior, procedeuse á elaboración do presente plan estratéxico, baseado nas seguintes ideas fundamentais:

- Óptase por elaborar un plan estratéxico a curto prazo, cunha vixencia dun ano (ao abeiro do establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, que esixe que a vixencia dos plans teña un mínimo de un e un máximo de tres anos) coa idea de que a súa avaliación permita, no futuro, planificar a máis longo prazo. Esta decisión ven motivada por dous factores. En primeiro lugar porque o plan estratéxico se emprega por segunda vez na Deputación Provincial, xa que o primeiro correspondía ao exercicio 2014 e polo tanto na data de redacción do presente se atopa sen finalizar e sen avaliar. En segundo lugar debe terse presente que no ano 2015 se procederá á renovación da Corporación Provincial, polo que por un principio de prudencia, non se debe planificar máis alá deste exercicio.
- Neste senso, considérase que unha das principais utilidades do plan reside na súa capacidade de sistematización das distintas liñas de subvencións previstas nos vixentes orzamentos, contribuíndo deste xeito a unha avaliación futura da actual política de subvencións, a través dos informes de avaliación e seguimento do plan.
- Doutra banda, pártese dun criterio continuista con respecto á política de subvencións seguida ata a data, baseado en consideracións de oportunidade, tendo en conta que a política de subvencións afecta a sectores que dependen destas axudas para o ordinario desenvolvemento das súas actividades, o que determina que calquera cambio nestas políticas poida ter efectos drásticos sobre as actividades subvencionadas, particularmente con respecto ás entidades sen ánimo de lucro que dispoñen de escasas alternativas de financiamento. Isto aconsella realizar gradualmente as modificacións que se consideren oportunas, co fin de permitir aos sectores afectados a súa progresiva adaptación aos cambios.
- O Plan estratéxico concíbese, dada a súa natureza e configuración legal, como un instrumento programático. Non obstante, establécese un nivel mínimo de vinculación co plan, en dous sentidos: en primeiro lugar, prohibindo a concesión de subvencións para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

liñas de acción non previstas no plan, e, en segundo lugar, establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións.

-Na conxuntura económica actual requírese un maior control do gasto público, polo que o el Plan Estratéxico debe ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que, sobre criterios de eficacia, se rendibilicen os recursos que polas circunstancias poden verse limitados.

- O Plan estrutúrase en sete liñas de acción iniciais (cooperación coas entidades locais, fomento da cultura, fomento da educación, fomento do deporte, fomento do benestar social, fomento do desenvolvemento económico e fomento do asociacionismo veciñal) en coherencia coas competencias provinciais e coas previsións dos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2015.

II. DETERMINACIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O EXERCICIO 2015 .

A) Ámbito de aplicación e alcance das determinacións do Plan Estratéxico de Subvencións 2015

1. As determinacións contidas no presente plan estratéxico serán de aplicación á totalidade dos procedementos de concesión e xustificación de subvencións xestionadas e financiadas pola Deputación Provincial de Ourense e o INORDE ao longo do exercicio 2015.

2. En coherencia co carácter programático do plan, cuxo contido non crea dereitos nin obrigacións e queda condicionado á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo ás disponibilidades orzamentarias do exercicio, as súas determinacións teñen o carácter de orientacións estratéxicas que deben seguirse na xestión dos procedementos correspondentes polos órganos e unidades administrativas competentes da Deputación Provincial e do INORDE. Estas orientacións estratéxicas vincularán con carácter xeral aos órganos da Deputación, nos seguintes termos:

a) Non poderán concederse subvencións para finalidades non comprendidas nas liñas de subvención previstas no presente Plan, agás nos supostos de subvencións que se concedan para a atención de situacións sobrevidas de catástrofe ou calamidade pública.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

b) En todo caso, nos supostos en que os órganos xestores do plan consideren necesario apartarse das orientacións estratéxicas que este contén, deberán motivalo suficientemente. As desviacións respecto ás previsións do plan serán recollidas no informe de avaliación para coñecemento do Pleno.

3. Establécese a posibilidade da tramitación anticipada das diferentes liñas de subvención, condicionada en todo caso, á aprobación definitiva do presente Plan Estratéxico de Subvencións.

B) Obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Subvencións 2015

Indícanse especificamente para cada liña do Plan.

C) Liñas de subvención do Plan Estratéxico de Subvencións 2015

C.1. Cooperación ás obras e servizos municipais

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña, establecida no exercicio das competencias provinciais de coordinación dos servizos municipais e cooperación e asistencia a municipios outorgadas polo artigo 36.1. apartados a) e b) da Lei de bases de réxime local, afecta ás competencias municipais en tres ámbitos:

- a) Servizos mínimos obrigatorios previstos no artigo 26 da Lei reguladora das bases do réxime local.
- b) Servizos sociais.
- c) Servizos de protección civil.
- d) Servizos de depuración de augas residuais.
- e) Investimentos relacionados con outras competencias municipais.

Non se recollen nesta liña as posibles subvencións a concellos e mancomunidades para acción culturais e deportivas, que se canalizarán a través das liñas específicas previstas no presente plan estratéxico.

O sector ao que se dirixen as axudas é exclusivamente ao das entidades locais da provincia (concellos, entidades locais menores, mancomunidades e consorcios).

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Os obxectivos e efectos perseguidos co presente Plan Estratéxico 2015, referidos ás principais áreas de competencia da Deputación Provincial, no ámbito da cooperación cos concellos e demais entidades locais, son os seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

- a) Garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando o nivel de investimento dos últimos anos.
- b) Prestar axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria.
- c) Garantir o financiamento mínimo para o mantemento dos servizos sociais de titularidade municipal e dos puntos de atención á infancia.
- d) Posibilitar a continuación da experiencia comarcal de xestión do servizo de depuración de augas residuais a través do Consorcio de Augas de Valdeorras.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro de 2015, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nos plans, programas ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2015. Non obstante o anterior, a execución de actuacións consistentes en investimentos poderá adiarse, sempre que conorra causa xustificativa, ata o 31 de decembro de 2016. Excepcionalmente, este prazo poderá ampliarse a dous exercicios máis.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

a) Custos previsibles:

O importe previsto inicialmente para esta liña de subvencións é de 6.400.185,92 euros, podendo ser obxecto de ampliación ao longo do exercicio orzamentario, en función dos remanentes dispoñibles logo da liquidación do orzamento de 2014.

b) Fontes de financiamento:

As achegas serán realizadas exclusivamente con fondos propios da Deputación Provincial. Non obstante, as entidades locais beneficiarias poderán complementar o financiamento das actuacións subvencionadas con achegas financiadas, ben sexa con fondos propios municipais, ben con fondos obtidos doutras administracións públicas ou da Unión Europea.

5.º Plan de acción

As subvencións correspondentes a esta liña xestionaranse a través dos seguintes instrumentos:

I. Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e de Rede Viaria Provincial

A través deste plan, canalizarase a maior parte das subvencións destinadas a investimentos municipais relacionados cos servizos mínimos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

bases de réxime local, así como as subvencións para investimentos relacionados con outros servizos municipais. Ademais, o plan, se así se acorda, preverá a posibilidade de que os concellos en situación de insuficiencia orzamentaria destinen parte da subvención á amortización da súa débeda ou a gastos correntes relacionados cos servizos mínimos obrigatorios.

O plan conterá tamén unha achega destinada á entidade local menor de Berán.

A previsión inicial, conforme ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2015, é dunha achega de 4.935.000 euros para estas finalidades, con cargo a fondos propios provinciais exclusivamente. Os concellos poderán complementar voluntariamente estas achegas, con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

O calendario e procedemento a seguir será o seguinte:

- a) O Pleno da Deputación aprobará as bases reguladoras do plan, establecendo un prazo para a formulación de solicitudes polos concellos ata o 23 de xaneiro de 2015.
- b) De acordo coas solicitudes presentadas, a Deputación formulará o Plan, que deberá ser obxecto de aprobación en marzo de 2015.
- c) As actuacións subvencionadas que consistan en amortización de débeda ou realización de gasto corrente deberán realizarse integramente no exercicio 2015. As actuacións subvencionadas consistentes en investimentos deberán contratarse ou acordarse a súa execución por administración antes do 1 de decembro de 2015, e concluírse a súa execución antes do 1 de decembro de 2016. Non obstante, admitirase a prórroga por dous exercicios máis, por causa xustificada.
- d) A tramitación do Plan rexerase polo establecido nos artigos 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 10 da Ordenanza xeral de subvencións, tramitándose as subvencións conforme dispoñan as bases do plan, na modalidade de concorrencia non competitiva.

II. Convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos que dispoñen de grupos de emerxencias supramunicipais

A través deste convenio subvencionarase o mantemento dos GES nos concellos da provincia que dispoñan deste servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Destínanse a esta finalidade 358.333,20 euros no exercicio 2015, sen prexuízo da posibilidade de incrementar esta contía, con cargo a remanentes do exercicio 2014, no caso de que se incorporen ao convenio novos municipios como sede dos GES.

As subvencións tramitaranse como subvencións nominativas, nos termos previstos no convenio plurianual aprobado polo Pleno da Deputación no pleno ordinario do mes de maio de 2013.

III. Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial

Este programa continuará o convenio – marco para a contratación de choferes de máquinas rozadoras que se veu levando a cabo nos exercicios orzamentarios precedentes. O obxectivo deste plan é paliar a insuficiencia financeira dos concellos para a realización dos traballos de limpeza das marxes das estradas municipais e o cumprimento das obrigas establecidas a este respecto pola lexislación de protección contra incendios forestais (normativa que non preveu dotación orzamentaria ningunha para as entidades locais). Máis en concreto, o programa subvenciona a contratación de persoal para o manexo da maquinaria rozadora precisa para estas labores de limpeza. Por razóns de eficiencia, o programa esixe que os concellos colaboren na limpeza das vías provinciais, como medio de optimizar os medios financeiros postos á súa disposición

Como consecuencia da entrada en vigor da Ordenanza xeral de subvencións, a súa tramitación en 2015 deberá levarse a cabo conforme ás previsións do artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, na modalidade de programas de cooperación en concorrencia non competitiva.

A aprobación deste programa deberá levala a cabo o Pleno da Deputación – dado o seu carácter de plan ou programa de carácter provincial – en decembro de 2014 ou no primeiro trimestre de 2015, a fin de posibilitar a execución das actuacións de limpeza das marxes das vías municipais e provinciais entre os meses de xuño e outubro de 2015.

A dotación prevista neste programa, conforme ao orzamento xeral para 2015, é de 360.000 euros, integramente financiados con fondos propios da Deputación Provincial.

IV. Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos e mancomunidades en materia de servizos sociais comunitarios para o exercicio 2015

Este programa – continuación dos xa executados nos exercicios anteriores 2012, 2013 e 2014– canaliza as subvencións tanto para o financiamento do servizo de axuda no fogar básico (destinado a persoas que non teñen efectivamente recoñecido o estatuto de dependencia) como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios de Galicia.

A través deste programa lévanse a cabo as accións de cooperación económica e técnica que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A dotación total do programa para o exercicio 2015, segundo o previsto no orzamento xeral da Deputación, é de 1.000.000 de euros, que se dedican a subvencionar o servizo básico de axuda no fogar e a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, de acordo co establecido na normativa antedita

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación en decembro de 2014 ou en xaneiro de 2015, tras a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, de tal xeito que os concellos e mancomunidades poidan completar o trámite de adhesión ao programa no mes de febreiro. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrencia non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos servizos sociais prestados polos concellos e mancomunidades beneficiarios.

V. Programa provincial de asistencia aos concellos e mancomunidades para a xestión de puntos de atención á infancia e outros servizos de atención á infancia.

Este programa ten por obxecto canalizar as subvencións para gastos de mantemento de puntos de atención á infancia de carácter municipal.

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación no primeiro trimestre de 2015, previa a súa tramitación conforme ao previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrencia non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos puntos de atención á infancia xestionados polos concellos e mancomunidades beneficiarios. No orzamento establécese unha aplicación inicial de 200.000 euros.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

VI. Subvención ao Consorcio de Augas de Valdeorras para o financiamento do servizo intermunicipal de depuración de augas residuais

Igual que nos exercicios 2013 e 2014, prevese a concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio de Augas de Valdeorras por importe de 80.000 euros, destinada a cofinanciar o déficit de explotación do servizo comarcal de depuración de augas residuais xestionado por este Consorcio (o resto do déficit é subvencionado por Augas de Galicia e polos concellos consorciados).

VII. Convenios de cooperación coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e concellos da provincia para diversas actuacións en infraestruturas (abastecemento, saneamento e/ou depuración).

Trátase de diversas subvencións reguladas en distintos convenios, cun importe total de 100.000 euros, cuxa beneficiaria é a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, pero cuxo destino é o investimento en infraestruturas municipais, razón pola que se inclúe na liña de cooperación ás obras e servizos municipais. Estas subvencións complementan o seu financiamento coas achegas da Confederación Hidrográfica con fondos propios e da Unión Europea para a creación destas infraestruturas. A regulación e condicións aplicables a estas subvencións establécese nos convenios de cooperación a través dos que se concederon, e noutros casos, establecerase nos convenios que se poidan subscribir.

VIII. Convenio de cooperación coas Consellerías de Educación e Cultura e Medio Ambiente e Infraestruturas e co Concello de Verín para a construción e equipamento do auditorio municipal. Prevese unha subvención nominativa por importe de 150.000 euros, con destino á construción e equipamento do auditorio municipal de Verín, no marco dun convenio de colaboración co Concello de Verín e as consellerías de Educación e Cultura e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. As condicións concretas da subvención delimítanse no dito convenio.

IX. Subvencións nominativas aos concellos de Avión, Celanova e Trasmiras para gastos de mantemento de servizos municipais

Previstas no orzamento por importe de 60.000 euros para a Escola Infantil do Concello de Avión e por importe de 25.000 euros para a Escola Infantil do Concello de Celanova, en ambos casos para o cofinanciamento dos seus gastos correntes ao ser servizos de titularidade municipal.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

No caso do Concello de Trasmiras prevese unha subvención nominativa por importe de 20.000 euros para a Escola de Música.

X. Subvención nominativa ao concello de Verín para redacción de proxecto.

Prevista no orzamento cun importe de 20.000 € para facer fronte ao importe dos estudos técnicos e redacción do proxecto técnico “Petra” no Concello de Verín.

XI. Programa provincial de cooperación cos concellos para a execución de investimentos en materia de termalismo

A finalidade deste programa é a concesión de subvencións aos concellos para a realización de investimentos en infraestruturas municipais que sirvan para a potenciación da oferta de turismo termal na provincia, incluíndo tamén outras posibles actuacións dos concellos que potencien este sector, considerado estratéxico na aposta polo turismo na provincia. Pártese dunha previsión inicial no orzamento de 500.000 euros e prevese a súa convocatoria no primeiro trimestre de 2015.

C.2. Fomento da cultura

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia provincial prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, a universidade pública, as entidades e institucións culturais sen ánimo de lucro e as asociacións veciñais en xeral.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense sintetizar nos seguintes:

- Contribuír á realización de actividades culturais e recreativas no conxunto da provincia, con especial atención ao fomento das artes escénicas e musicais e ás actividades culturais no ámbito universitario, como elemento necesario para a configuración dunha oferta cultural e de ocio plural e sostible, aberta ao público en xeral.
- Colaborar coa Universidade de Vigo garantindo a realización dun amplo programa de actividades culturais e de extensión universitaria no Campus de Ourense.
- Contribuír ao sostemento da Real Academia Galega, así como a determinadas actividades culturais de carácter senlleiro (actividades da Fundación Otero Pedrayo, Premio Otero Pedrayo, Pen Clube Galicia e outras).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo e como regra xeral antes do 31 de xullo de 2015, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. No caso das subvencións para fomento de actividades escénicas e musicais, a concesión das subvencións deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2015.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

O custo estimado desta liña de acción é de 604.606,07 euros.

As subvencións financiaranse integramente con fondos propios da Deputación Provincial, sen prexuízo das achegas realizadas polos propios beneficiarios, ou ben con fondos doutras administracións públicas captados por estes.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña instrumentaranse a través dos seguintes procedementos:

I. Concurso de subvencións para fomento das artes escénicas e musicais (Plan Tarazona)

A finalidade destas subvencións é o financiamento de actuacións escénicas e musicais de carácter gratuíto e abertas ao público en xeral, promovidas por entidades locais, entidades sen ánimo de lucro ou comisións de festexos.

Igualmente, poderán ser obxecto de financiamento a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relativas a actuacións escénicas e musicais, promovidas por entidades locais ou entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia non competitiva, permitíndolles aos beneficiarios (entidades locais, asociacións veciñais, comisións de festexos) seleccionar libremente a actividade escénica ou musical que desexen, de entre a oferta integrada por todas as agrupacións artísticas que se adhiran ao sistema. As bases garantirán unha estrita neutralidade da Administración pública na selección dos espectáculos subvencionados, quedando determinada a concesión de subvencións exclusivamente pola orde cronolóxica de solicitudes e a dispoñibilidade das agrupacións artísticas adheridas.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre do exercicio.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

No caso do financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas, o procedemento será o dun concurso para a concesión de subvencións que poderá admitir a modalidade de concorrencia competitiva ou non competitiva.

A dotación prevista no orzamento de 2015 para esta finalidade é de 200.000 euros.

II. Subvencións para festivais e actos similares de marcado carácter senlleiro na provincia.

Establécese a posibilidade de instrumentalizar a través de diferentes subvencións nominativas axudas para festivais e actos culturais análogos de marcado carácter senlleiro e consolidado no ámbito cultural da provincia.

III. Concurso de subvencións para realización de actividades culturais e recreativas

A finalidade destas subvencións é o financiamento da realización de todo tipo de actividades culturais ou recreativas, promovidas por entidades locais e entidades sen ánimo de lucro.

O procedemento será o de concorrencia competitiva. Os criterios de valoración incentivarán aquelas actividades que contén cun maior impacto social, así como a capacidade de autofinanciamento da entidade beneficiaria; igualmente, incentivaranse as actividades culturais que se estimen de especial interese polo seu carácter senlleiro, especial calidade ou pola súa incidencia na protección de tradicións culturais da provincia.

As bases do concurso deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro cuadrimestre do exercicio.

A dotación prevista no orzamento de 2015 para esta finalidade é de 100.000 euros para concellos e de 150.000 euros para outras entidades.

IV. Convenio coa Universidade de Vigo para a realización de actividades culturais

A través dun convenio coa Universidade de Vigo regularase a concesión dunha subvención nominativa, por importe máximo de 165.000 euros, destinada a financiar a realización de actividades culturais e de extensión universitaria no Campus de Ourense. Poderase incluír entre as finalidades subvencionadas a realización de programas de apoio á mobilidade dos estudantes do campus e a grupos de investigación do Campus de Ourense.

As concretas condicións da subvención regularanse no convenio, que deberá ser obxecto de negociación e aprobación pola Xunta de Goberno antes do 28 de febreiro de 2015.

V. Subvención nominativa á Real Academia Galega

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

A finalidade desta subvención nominativa é contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento da Real Academia Galega, cun importe de ata 30.000 euros. As concretas condicións da subvención regularanse no acto da súa concesión.

VI. Subvención nominativa á Fundación Otero Pedrayo

A finalidade desta subvención nominativa é contribuír ao financiamento das actividades culturais xestionadas pola Fundación Otero Pedrayo, cun importe de ata 30.000 euros. As concretas condicións da subvención regularanse no acto da súa concesión.

VII. Achega ao Premio Otero Pedrayo

Prevese unha achega de 3.606,07 euros como contribución da Deputación Provincial a este histórico premio, concedido anualmente polas catro deputacións galegas e mais a Xunta de Galicia.

VIII. Subvención nominativa á Fundación Eduardo Blanco Amor.

A finalidade desta subvención nominativa é contribuír ao financiamento das actividades culturais xestionadas pola Fundación Eduardo Blanco Amor, cun importe de ata 30.000 euros. As concretas condicións da subvención regularanse no acto da súa concesión.

XIX. Subvención nominativa á Fundación Abelardo Gabriel.

A finalidade desta subvención nominativa é contribuír ao financiamento das actividades culturais xestionadas pola Fundación Abelardo Gabriel, cun importe de ata 10.000 euros. As concretas condicións da subvención regularanse no acto da súa concesión.

X. Subvención nominativa ao Pen Clube de Galicia.

A finalidade desta subvención nominativa por importe de 20.000 € é contribuír ao financiamento das actividades culturais xestionadas por esta sección galega do PEN internacional composto por escritores en lingua galega.

X. Subvención nominativa á produtora “Claqueta Coqueta”.

A finalidade desta subvención nominativa por importe de 10.000 € é contribuír ao financiamento das actividades culturais xestionadas por esta produtora na busca da promoción e difusión da cultura galega.

C.3. Fomento do deporte

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 57/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como na Lei do deporte de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Os sectores aos que se dirixen as axudas son as entidades locais, entidades deportivas sen ánimo de lucro, sociedades anónimas deportivas, asociacións veciñais e deportistas individuais cualificados.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Pódense resumir nos seguintes:

- Garantir o mantemento da actividade das principais entidades deportivas de Ourense, con especial atención ao deporte de base.
- Garantir a existencia dunha actividade plural e diversificada de actividades deportivas na provincia de Ourense, especialmente de actividades deportivas abertas ao deporte de base (con programas como o das Copas Deputación) e actividades abertas ao público en xeral, baseadas nos conceptos de “deporte para todos” e “deporte – saúde”.
- Promover e incentivar a actividade dos deportistas individuais ourensáns especialmente destacados nas súas disciplinas deportivas.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 31 de xullo de 2015, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. No caso das subvencións a deportistas individuais o prazo será o 1 de decembro de 2015. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2015 ou na temporada deportiva 2014 – 2015 no caso das subvencións en entidades deportivas e deportistas individuais.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A contía destinada a esta liña de subvencións nos orzamentos de 2015 ascende a 926.000 euros, financiados integramente con fondos propios da Deputación Provincial de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen esta achega con fondos propios ou obtidos doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

As subvencións que integran esta liña de actuación instrumentaranse a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a entidades deportivas

A finalidade deste concurso é a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para o sostemento do seus gastos de funcionamento e, máis en concreto, dos gastos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

derivados da súa participación nas competicións deportivas oficiais. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2015 é de 400.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberán aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2015. As bases terán en conta, entre outros criterios de valoración, a realización de actividades de deporte base, feminino e de discapacitados, e así como a incidencia social da actividade do club e a racionalidade da súa xestión económica, con especial atención á súa capacidade de financiamento con cargo a ingresos privados (coas de socios, patrocinios privados ...).

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

II. Subvención ao Club Ourense Baloncesto.

A finalidade desta subvención é contribuír ao sostemento do Club Ourense Baloncesto. Non obstante, a subvención quedará condicionada á realización de actividades de fomento do deporte base por parte da entidade beneficiaria.

Prevense 216.000 euros para esta finalidade, cantidade idéntica á de exercicios anteriores. A subvención concederase como subvención nominativa en atención á especial importancia desta entidade deportiva na provincia.

III. Subvención ao Rally de Ourense

A finalidade desta subvención é contribuír á realización deste importante evento, de enorme importancia económica, social e deportiva. Prevese unha subvención por importe de 40.000 euros, que se concederá con carácter nominativo.

IV. Concurso de subvencións para as Copas Deputación

A finalidade desta subvención é garantir o mantemento das Copas Deputación, como competición deportiva de enorme tradición na provincia e orientada fundamentalmente cara ao deporte de base. A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2015 é de 115.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2015. As bases terán en conta, entre os criterios de valoración, a incidencia social da competición, a súa orientación ao deporte de base e a celebración en municipios diferentes da capital, entre outros factores.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

V. Concurso de subvencións para eventos deportivos

A finalidade destas subvencións é contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte – saúde e deporte para todos. As accións subvencionadas poderán ser promovidas polos concellos, entidades deportivas, entidades sen ánimo de lucro ou asociacións veciñais.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2015 é de 60.000 euros para o fomento do deporte polos concellos e de 70.000 euros para outras entidades.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2015. As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

VI. Concurso de subvencións a deportistas individuais cualificados

A finalidade destas subvencións é incentivar a actividade dos deportistas ourensáns individuais que se destacasen especialmente na temporada deportiva, tendo en conta ademais o conxunto da súa traxectoria.

A dotación para estas finalidades nos orzamentos de 2015 é de 25.000 euros.

As bases reguladoras e a convocatoria deste concurso deberá aprobalas a Xunta de Goberno, unha vez rematada a temporada deportiva, nos meses de setembro ou outubro de 2015.

As subvencións correspondentes a esta acción concederanse mediante procedemento de concorrencia competitiva.

C.4. Fomento da educación

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que inclúe entre as competencias provinciais o fomento da educación.

Os sectores aos que se dirixen son os estudantes universitarios de grao e posgrao, para as finalidades específicas sinaladas no apartado seguinte.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Tendo en conta a necesidade de evitar duplicidades con outras administracións públicas, as subvencións incluídas nesta liña de actuación diríxense especificamente ao colectivo de estudantes universitarios, onde se considera que é precisa unha acción complementaria da Deputación Provincial en dous ámbitos concretos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

a) Fomento da inserción laboral das persoas que rematasen os estudos de grao universitario, mediante a concesión de bolsas para prácticas en empresas en estados da Unión Europea.

b) Fomento do retorno de estudantes universitarios de orixe ourensá, mediante a concesión de bolsas para a realización de estudos universitarios no Campus de Ourense.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro de 2015, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2015.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total para estas finalidades no exercicio 2015 é de 80.000 euros.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña levarase a cabo a través dos seguintes programas:

I. Programa de Bolsas de Mobilidade

Trátase dun programa que se implantou por vez primeira no 2014, financiado integramente con fondos propios, e que ten por obxecto substituír o programa de Bolsas Leonardo, unha vez esgotado este, subvencionando a prácticas de universitarios en empresas en estados da Unión Europea. As bolsas concederanse mediante convocatorias trimestrais ou cuatrimestrais ao longo do exercicio, mediante procedemento de concorrencia competitiva.

A dotación anual é de 60.000 euros.

II. Programa de Bolsas Ourense Exterior

Trátase dun programa de bolsas –xa existente en exercicios anteriores- para a realización de estudos universitarios no Campus de Ourense, destinadas a estudantes universitarios estranxeiros de orixe ourensá. As bolsas concederanse mediante unha convocatoria anual, mediante procedemento de concorrencia competitiva. Este Programa levarase a cabo, de consideralo, unha vez avaliados os resultados obtidos en anteriores convocatorias.

A dotación anual é de 10.000 euros.

C.5 Fomento do benestar social

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Esta liña de subvención enmárcase na competencia prevista no artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 36.1. d) e e) da Lei reguladora das bases de réxime local, ao considerar que o fomento da prestación de servizos sociais constitúe un interese peculiar da provincia de Ourense e contribúe ao seu desenvolvemento social, dadas as súas características sociais e demográficas, interese especificamente definido en desenvolvemento da previsións xenérica das normas citadas polo artigo 4.2.f) da Ordenanza xeral de subvencións.

Os sectores aos que se dirixen son as entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

O obxectivo fundamental que persegue esta liña de subvencións é contribuír ao mantemento dos servizos sociais (complementarios dos xestionados polo sector público) que son prestados na provincia por entidades sen ánimo de lucro. Complementariamente, resérvase unha partida para posibles investimentos por parte deste tipo de entidades.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 31 de xullo de 2015, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2015.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

A dotación total prevista para esta liña é de 325.000 euros, dos que a maior parte (260.000) irán destinados á concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a prestación de servizos sociais mediante procedementos de concorrencia competitiva.

5.º Plan de acción

A concesión das subvencións incluídas nesta liña instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten de servizos sociais
Esta acción consistirá na concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais na provincia de Ourense, e dotarase con 260.000 euros. As subvencións concederanse mediante procedementos de concorrencia competitiva, e as bases reguladoras deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno no primeiro trimestre de 2015. Os criterios de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

valoración terán en contra, entre outros factores, a complementariedade dos servizos prestados cos xestionados polas administracións públicas e a súa incidencia social no territorio e nos colectivos afectados.

II. Fondo para subvencións de emerxencia social

Os orzamentos de 2015 reservan unha partida de 15.000 euros sen adscrición específica. Esta partida poderá destinarse a subvencións de emerxencia social, en función de necesidades que poidan detectarse ao longo do exercicio, que poderán tramitarse como subvencións nominativas ou directas, sempre que se dean os supostos previstos en cada caso pola Ordenanza xeral de subvencións. Esta partida poderá empregarse, igualmente, para atender obrigas sobrevidas como consecuencia da estimación de recursos interpostos contra os actos de concesión de subvencións do exercicio 2014.

C.6 Fomento do desenvolvemento económico da provincia

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de cooperación no fomento do desenvolvemento económico da provincia, prevista no artigo 36.1.d) da Lei de bases de réxime local. O exercicio destas competencias provinciais instruméntase a través do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) que será o organismo competente para a xestión das liñas de subvención previstas, agás no que se refire ao fomento do termalismo, que se desenvolverá dende a propia Deputación Provincial, a través da Área de Benestar.

Os sectores afectados por esta liña serán os concellos e o sector empresarial da provincia de Ourense en xeral, en particular o que ten por obxecto a produción, promoción e distribución de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización e o sector termal.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Poden resumirse nos seguintes:

- Contribuír ao crecemento da economía provincial mediante a concesión de subvencións aos concellos para a promoción de produtos propios da provincia non susceptibles da deslocalización.
- Contribuír ao desenvolvemento do sector termal, subvencionando estancias en establecementos balnearios da provincia.
- Contribuír á loita contra o desemprego, mediante accións de fomento da formación de emprendedores.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro de 2015, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2015.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

O importe destinado a estas finalidades nos orzamentos de 2015 é de 410.000 euros, dos que 290.000 euros corresponden ao INORDE e 120.000 euros á Deputación, no programa de gasto de termalismo (programa 31331) correspondentes á partida 20700 de prestación de servizos. Esta última partida inclúese no capítulo II en atención á peculiar tramitación das subvencións de fomento do termalismo, nas que o pagamento da subvención se efectúa directamente ás empresas que prestan os servizos directamente ao beneficiarios da subvención.

O financiamento destes importes realízase con fondos propios da Deputación e do INORDE, sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través das seguintes accións:

I. Concurso de subvencións a concellos para accións de promoción de produtos propios da provincia de Ourense

Mediante esta acción, concederanse subvencións a concellos para a realización de accións de promoción de produtos propios da provincia non susceptibles de deslocalización. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo INORDE, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre de 2015. As bases terán en conta a incidencia socioeconómica das accións previstas. A dotación orzamentaria para esta acción será de 100.000 euros.

II. Concurso de subvencións a organizacións empresariais para accións de formación de emprendedores

Mediante esta acción, concederanse subvencións a organizacións empresariais para a realización de accións de formación de emprendedores. O procedemento de concesión de subvencións será xestionado polo INORDE, mediante concorrencia competitiva, debendo aprobarse as bases reguladoras do concurso no primeiro cuadrimestre de 2015. As bases terán

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

en conta a calidade e eficacia das accións previstas. A dotación orzamentaria para esta acción será de 190.000 euros.

III. Concurso de subvencións para fomento do termalismo.

Mediante esta acción, concederanse subvencións a persoas físicas para a realización de estancias e recepción de tratamentos en establecementos balnearios da provincia de Ourense. O procedemento será xestionado pola Deputación, mediante concorrencia competitiva, efectuándose diversas convocatorias ao ano en función dos períodos de actividade dos establecementos balnearios. Os establecementos balnearios terán a consideración de entidades colaboradoras, ben directamente, ou ben a través das súas asociacións representativas. As bases reguladoras da concesión das axudas terán en conta criterios de idade e capacidade económica dos beneficiarios.

C.7 Fomento do asociacionismo veciñal

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña de subvencións enmárcase na competencia provincial de fomento dos intereses peculiares da provincia, prevista no artigo 118.d) da Lei de administración local de Galicia e 36.1.e) da Lei de bases de réxime local.

Os sectores afectados por esta liña serán as asociacións veciñais.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Potenciar o movemento veciñal, a través das súas asociacións, como instrumento de participación cidadá ante as administracións locais e como entidades xestoras de actividades de interese social, deportiva, cultural ou medioambiental.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como regra xeral e como máximo antes do 1 de decembro de 2015, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nas bases reguladoras ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente no exercicio 2015.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Existe unha previsión inicial de 100.000 € nos orzamentos para 2015. No caso de existiren remanentes na liquidación dos orzamentos de 2014 que permitan o seu financiamento, conforme á vixente lexislación de estabilidade orzamentaria, poderá incrementarse esta liña, coa dotación que se considere oportuna.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

O financiamento desta liña, en todo caso, realizarase con fondos propios da Deputación, e sen prexuízo da posibilidade de que os beneficiarios complementen estas achegas con fondos propios ou procedentes doutras administracións públicas.

5.º Plan de acción

Esta liña de subvencións instrumentarase a través de concursos de concesión de subvencións a asociacións veciñais, que poderán ter como obxecto tanto o financiamento dos seus gastos de funcionamento como de actividades culturais, recreativas, deportivas, sociais, medioambientais ou investimentos. O procedemento poderá ser tanto o de concorrencia competitiva como o de concorrencia non competitiva, podendo tamén implementarse a través da concesión de subvencións de carácter nominativo, sempre que se respecten os límites establecidos na Ordenanza xeral de subvencións. O importe inicial consignado no orzamento ascende aos 100.000 euros para o financiamento desta liña.

D) Réxime de seguimento e avaliación das diferentes liñas de subvencións do Plan Estratégico de Subvencións 2015

No primeiro cuadrimestre de 2016 a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o grao de execución do presente Plan estratéxico, no que se analizarán as principais incidencias e desviacións experimentadas, e que poderá conter propostas de mellora dos plans sucesivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión ordinaria que realice, e o seu contido terase en conta para a planificación estratéxica que se elabore para o exercicio 2016 e seguintes”.

2º.- Someter o expediente a información pública durante o prazo de 20 días hábiles, de conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- LIQUIDACIÓN DO PADRADO DE TURISMO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que resultan curiosos os datos que recolle a liquidación. O máis curioso de todos é que dentro das entidades que satisfíxeron as cantidades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

oportunas está o propio INORDE, dependente desta casa, o que demostra a relevancia que para a Deputación tiña o Padroado de Turismo. Anuncia o voto en contra e dille ao Sr. Álvarez Dobaño que revise as notas, porque tal e como se expresou anteriormente non deu un dato que fose en contra do BNG, os datos do Partido Popular son bastante peores.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que non sabe a que datos se refire o Sr. Iglesias, pero se quere quítalle máis batería de datos e igual se agocha baixo o pupitre. Non lle gusta falar doutros sitios porque xa lle chega ben con este. En canto á liquidación do Padroado de Turismo é de todos sabido que as súas funcións as viña desempeñando desde hai tempo o INORDE, polo que procedía a súa liquidación. Como exemplo están o Plan de turismo termal para a provincia; diversas actuacións na Ribeira Sacra e outras que se desenvolven desde o INORDE.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar a liquidación definitiva do Padroado Provincial de Turismo, conforme coa proposta da Comisión Liquidadora, que se incorpora como anexo a este acordo, nos seguintes termos:

a) Declárase a existencia dunha débeda do Padroado Provincial de Turismo coa Deputación Provincial de Ourense por importe de 145.069,164 euros.

b) Declárase a existencia dunha débeda co Padroado Provincial de Turismo dos membros do organismo que se relacionan a continuación, polos importes que se indican en cada caso:

INORDE: 11.180,667 euros.

Concello de Ourense: 65.472,93 euros.

Fundación Galicia Obra Social / NCG Banco S.A.: 34.179,081 euros.

Cámara de Comercio e Industria de Ourense: 27.608,315 euros.

Faise constar que as obrigas imputadas á Fundación Galicia Obra Social e NCG Banco, SA se realizan na súa condición de sucesoras da extinta Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra (sucesora, á súa vez, da extinta Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra) ante a falla de constancia por parte do Padroado de a cal das dúas entidades corresponde en concreto a sucesión nas obrigas da antiga caixa de aforros. Unha vez acreditada

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

documentalmente e de xeito fidedigno a circunstancia da sucesión, as actuacións de execución da liquidación entenderanse coa entidade que resulte ser sucesora. En caso de non acreditarse esta circunstancia, a Deputación Provincial – en virtude da cesión de dereitos prevista no apartado seguinte – poderá, ao abeiro do establecido no artigo 177.2 da Lei xeral tributaria, dirixirse sucesiva ou simultaneamente contra calquera das dúas entidades para a realización dos seus dereitos derivados da liquidación.

2º) Dispoñer, con efectos do día da data, a cesión á Deputación Provincial de Ourense dos dereitos de crédito do Padroado fronte ás entidades relacionadas no apartado b) anterior, polos importes indicados, servindo a dita cesión de créditos como medio de pago da débeda do Padroado coa Deputación Provincial.

3º) Declarar a disolución definitiva do Padroado Provincial de Turismo e a total extinción da súa personalidade xurídica, con efectos do día da data.

4º) Facultar á Presidencia da Deputación para levar a cabo cantos actos sexan necesarios para a total execución do presente acordo.

6º.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2015.-

O Sr. presidente informa que o Grupo Socialista presentou unha engádega neste punto.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que sendo congruentes co expresado no pleno do ano pasado, relativo a este mesmo tema, desde o BNG entenden que o destino das achegas debería ir, con carácter preferente, a servizos municipais, e non a primar aos concellos que utilizaron o diñeiro indebidamente. Seguidamente le textualmente como lles gustaría que quedase a base 9ª: Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinen e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 50.000,00 €) con destino, de xeito preferente, ao financiamento de gasto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base, ou subsidiariamente, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores cando ademais xustifiquen a imposibilidade de acudir a vías de refinanciamento que reduza a carga financeira no exercicio 2014. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes do 1 de decembro de 2014 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións. Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2013 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que, basicamente, o que propón o BNG é algo similar á engádega proposta polo seu grupo. Isto xa se propuxo algunha vez e ao parecer hai dúbidas nalgún aspecto legal. Na súa engádega fálase daqueles concellos superen o 110% do endebedamento, porque son os concellos que poden ter problemas. Hai moitos concellos que debido ao plan que nos impuxeron de débedas a provedores e demais (que tiñas dous anos de carencia) rebaixaron a débeda, pero hai outros que este ano van ter graves problemas e os que superen o 110% aínda o van ter máis grave. Coincide en parte co que dixo o portavoz do BNG de que saían beneficiados os que non fixeron os deberes, pero habería que saber as causas polas que non se fixeron. Estamos a finais dunha lexislatura e houbo tempo para cambiar o ciclo das cousas, polo que neste momento estiman que a súa engádega, sen prexuízo de que se poida ter en conta a que fixo o BNG, é a correcta. Anuncia que votarán a favor da aprobación das bases se se aproba a súa engádega, senón votarán abstención.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Iglesias Pérez que ten fixación co mes de maio e manifesta que a engádega do BNG non lles parece acertada neste momento e si lles parece asumible a presentada polo Grupo Socialista. Non obstante, o Grupo Popular propón que se refira ao ano 2014 e non 2013, porque xa o Sr. Montoro vén esixindo determinadas cousas desde 2012, polo tanto debería axudarse aos que non puideron

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

levar a cabo os obxectivos do ano 2014. Debe destacarse que se anticipa a aprobación destas bases para todos os concellos. As solicitudes deben presentarse con anterioridade ao 23 de xaneiro, aprobarase no pleno de febreiro e as obras teñen que estar adxudicadas, ben pola Deputación ou polos concellos que teñan a delegación de competencias, con anterioridade ao 30 de xullo e as obras rematadas con data límite do 31 de decembro de 2015, agás prórrogas baseadas en circunstancias excepcionais. O financiamento do Plan é o 100% de fondos propios da Deputación (o Estado xa non achega nada): 4.848.000 € o Plan de obras e servizos e a rede viaria provincial 2.000.000 €. Auméntase a colaboración cos concellos en 3.000 €, o que supón para a Deputación un importante desembolso (273.000 €) destinados a sufragar os gastos das asistencias técnicas para redacción de proxectos, dirección facultativa e coordinación e seguridade e saúde. En resumo, é un esforzo máis claro e determinante na liña do grupo de goberno para cooperación cos concellos.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que antes do mes de maio hai que pasar o Nadal e comer coa familia. Anuncia que votarán en contra da engádegas do Grupo Socialista, independentemente de que sexa 2013 ou 2014, porque vai en contra do que pensan en canto á insuficiencia orzamentaria dalgúns concellos e non lles gustaría que os cartos se distribuísen para poder pagar o mal uso do diñeiro en exercicios anteriores.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que aceptan a proposta do Grupo Popular referente ao ano 2014, se puxeron 2013 foi porque no plan anterior ía así. Recoñecen o esforzo da Deputación co Plan de cooperación e lamentan que os deberes non os faga o goberno do Estado. Xa explicou antes que os dous anos de carencia que se podían ter para pagar débeda, ía aparelado con outra cuestión, un plan de axuste dos concellos que en moitos casos ía significar que se tivera que poñer a xente na rúa. Con este pagamento de débeda que se pode afrontar, aínda que sexan 50.000 euros, pode terse a capacidade de non ter que reducirles os salarios ás persoas ou botalos á rúa, sacrificando obras, pero neste momento as persoas teñen que estar por enriba de facer camiños, que é o que pretende o Grupo Socialista coa súa engádegas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación, en primeiro lugar, a emenda in voce presentada polo BNG, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Seguidamente, somete a votación a engádegas do Grupo Socialista coa referencia ao ano 2014 pactada durante o debate, que queda aprobada co voto favorable dos deputados do Grupo Socialista e do Grupo Popular (22) e o voto en contra dos deputados do BNG (2).

Para finalizar somete a votación a aprobación do ditame coa incorporación da engádegas do Grupo Socialista e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

I.- Aprobar as bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2015, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2015.

2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2015. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2015 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan Provincial 2015, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2015 é a seguinte:

- a) Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 2.000.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 2.000.000,00 €

- b) Investimento total previsto en obras municipais: 4.848.000,00 €, dos cales 4.575.000 € destinados á execución material das obras e 273.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 4.848.000,00 €

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello de menos de 20.000 habitantes dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 53.000 €; da dita cantidade, 50.000,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan deberanse incluír, obrigatoriamente, obras adicionais, por importe de polo menos 50.000,00 €, para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ó financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma, e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª .

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación, e deberán ter entrada no rexistro xeral de documentos da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común ata o 23 de xaneiro de 2015 inclusive. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de se-lo caso, a delegación da competencia para a súa contratación. No suposto en que o órgano municipal competente non fose o alcalde, e por razóns de urxencia non fose posible a adopción do acordo polo dito órgano competente antes do 23 de xaneiro de 2015, admitirase a presentación dunha resolución da Alcaldía, condicionada á adopción, antes do 30 de xaneiro de 2015, do correspondente acordo de ratificación polo órgano municipal competente.
- Modelo de solicitude, debidamente cuberto, con indicación de persoa de contacto e dirección de correo electrónico ós efectos de librar comunicacións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Na solicitude e no acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a) A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
 - b) Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
 - c) Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.
 - d) Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).
 - e) No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.
4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2015, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Plans Provinciais, Vías e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Obras e Cooperación, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2015.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicaralles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do Plan Provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

5ª) Execución do Plan Provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe superior ó 50% do financiamento comprometido pola deputación provincial para execución material das obras (50.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

A Deputación Provincial (e no seu caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de xullo de 2015 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2015; non obstante o anterior e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo dun ano a contar desde a data da súa adxudicación.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola central de contratación da deputación con cargo o crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor de aqueles concellos que, en consideración ó investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras

6ª) Execución das obras pola deputación

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 30 de maio de 2015, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:
 - a) Aprobación do proxecto técnico de obras
 - b) Declaración expresa de que a actuación proposta cumpre coa lexislación e a ordenación urbanística aplicable e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais non será necesario que o acordo municipal contemple este extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.
 - c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.
- Remisión da acta de replanteo (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

7ª) Execución das obras por delegación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitir á deputación, antes do 30 de maio de 2015, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto co proxecto técnico correspondente -os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencias técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida ós ditos efectos, concederáse por resolución da presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adxudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra consonte co modelo aprobado ós ditos efectos por esta deputación.

8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicaralle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopan nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 50.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes do 1 de decembro de 2015 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2013 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2014 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 25.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta.

II.- Ordenar a publicación das bases no BOP de Ourense, para coñecemento das concellos e entidades locais interesados.

7º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E AMPLIACIÓN DO CAMIÑO A CUBILLEDO, N.º 46/PB/2014, EN LEIRO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

1º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, ó figurar incluídas no “Plan Provincial de Obras e Servizos de Carácter municipal 2014”, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa.

2º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	REF. CATASTRAL	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M ² EXPROP
1	32041A030000800001LG	Rústica	Herdeiros de Ramona Rodriguez Gonzalez	44,40
2	32041A030000780001LQ	Rústica	Jose Benito Agustino Loureiro	6,60
4	32041A030002570001LS	Rústica	Benita Gonzalez Salceda	23,30
5	32041A030000750001LB	Rústica	Herdeiros Higinio Cao Merino	11,10

3º.- Notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

8º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0306 SAN CRISTOVO-LEIRO, N.º 118/PB/2014, EN LEIRO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (7) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial “OU-0306 SAN CRISTOVO-LEIRO”, Nº 118/PB/2014, no concello de Leiro, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	REF. CATASTRAL	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M ² EXPROP
1	32041A013001010000KW	solo núcleo rural/ uso sistema xeral viario	Amancio Vázquez Pérez	73,22

4º.- Publicar e notificar este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

9º.- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA ECONÓMICA, TÉCNICA E XURÍDICA AOS CONCELLOS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2015.-

Logo da ratificación da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o seu grupo xa ten amosado o seu rexeitamento ao feito de que a Deputación asuma competencias en materia de servizos sociais. Parécelles inconcibible que a Xunta renuncie ás súas funcións nesta e noutras materias. Só se lles ocorre que a única explicación é que con estas medidas se intenta reforzar o papel das deputacións, estratexia coa que o BNG está absoluta e radicalmente en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que comparte unha das cuestións en canto a que a Xunta e o Sr. Feijóo renunciem a estas funcións (xa sabe que lle van dicir que foi algo que vén do bipartito). Non di que a Deputación, dentro das súas posibilidades, non o estea a facer meridianamente ben, por iso o Grupo Socialista as aproba, porque ata o momento se están a facer con criterios obxectivos e en función das persoas que se atenden. Quen realmente tiña que facer achegas para os servizos sociais está facendo oídos xordos. Neste plan fíxanse uns criterios de pagamento con prazos concretos e cámbiase a achega que ten que facer a Deputación e iso parécelle ben. Pero a Xunta de Galicia nin sequera

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

recolle iso e cando se chega a xaneiro ou febreiro non acometen os pagamentos das poucas competencias que manteñen, e despois o presidente di que todos son malos menos el. Anuncia que votarán a favor destas bases e que lles gustaría que a Xunta de Galicia fose quen asumira este tipo de cuestións.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, cre que merece a pena pararse a discutir e debater este tipo de iniciativas. Non se cren donos da verdade e están abertos a todo tipo de suxestións, pero, ao parecer, algúns impórtanlles máis outro tipo de cuestións máis próximas aos *chascarrillos* que ao que verdadeiramente lle importa á xente. Como ben se di nas bases, este programa cínquese á asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos de menos de 20.000 habitantes (91 de 92) na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios. O programa estrutúrase en tres accións: Acción 1: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico. Acción 2: asistencia económica co obxecto de garantir o financiamento do servizo de axuda no fogar básico aos concellos. Acción 3: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica, que se levará a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión. Neste programa non hai moitas novidades con respecto ao deste ano, pero cabe destacar o seguinte: as subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas simplemente por estar adheridas ás entidades locais adheridas. Antes do 1 de marzo, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe máximo de subvención total previsto a cada concello. El 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases. As cantidades non xustificadas na Acción I (persoal técnico), incrementarán a dotación da Acción II (servizo de axuda no fogar básico). En canto ás subvencións para o persoal técnico mantéñense os mesmo importes do ano 2014, é dicir, por cada técnico medio (UTES e UNIS), 15.013 euros. Por cada titulado superior ou en posesión de grao universitario (UNIS), 18.043 €. En canto á Acción II de asistencia económica para o servizo de axuda no fogar básico, a Deputación subvencionará a prestación no exercicio 2015 do servizo de axuda no fogar básico polos concellos ou mancomunidades de menos de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

20.000 habitantes, tanto nos supostos en que sexa prestado por xestión directa como por xestión indirecta. As contías das subvencións aparece detallada, baseándose en criterios obxectivos (que lle alegra que recoñeza o Sr. Gómez Pérez), no anexo das propias bases. En canto á Acción III, de asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais, como xa dixo antes, estes servizos estarán coordinados pola Área de Benestar da Deputación e compostos por persoal desta casa, polo que serán totalmente gratuítos para os concellos e mancomunidades. Trátase dun plan que canaliza as subvencións para o financiamento do servizo de axuda no fogar e equipos técnicos municipais. Un esforzo máis na liña de total apoio e colaboración cos concellos da nosa provincia. Para rematar di que esta é a primeira deputación de Galicia que aproba este plan, e non porque veña maio, senón por celeridade. Incrementase o orzamento para cooperación cos concellos de xeito importante (máis dun 500%, 759.000 € en 2014 e 3.827.000 en 2015). O reparto de fondos faise con criterios totalmente obxectivos. Tamén somos a Deputación de Galicia que porcentualmente máis fondos destina a servizos sociais con respecto aos recursos dispoñibles.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que porque se diga que algo está ben tampouco pode un virse arriba. Supón que cando se refería a que non interesa debater este tipo de cuestións e si outros *chascarrillos*, supón que é polo que se vai falar despois, algo que non é ningún *chascarrillo*, senón que é un tema moi grave. Espera que cando o Grupo Socialista di que algo está ben o recoñezan, porque parece que non lles vale que se diga. Dille ao portavoz do Grupo Popular que non caia na mesma tentación que o Sr. presidente, que é non recoñecer o que achegan outros grupos. Xa recoñeceu que hai celeridade administrativa e celeridade no pagamento, pero tamén é verdade que a celeridade administrativa tamén foi facilitada polos grupos da oposición, porque isto non pasou por comisións e acordouse tralo a este Pleno cando podía vir ao seguinte, pero entenden que isto é bo para os concellos. Non dubida de que a Deputación incrementa o 500% (que terá que comprobar) pero o SAF (servizo de atención no fogar) deixaría de ser obxectivo se non houbo persoas que o teñen que recibir e recíbese unha cantidade obxectiva en función dos técnicos que prestan o servizo. En canto ao 500% di que hai unha parte deses servizos que axudaba a confianciar o Sr. Feijóo e compañía, que hai dous ou tres anos se deixaron de facer e, polo tanto, o teñen que facer os concellos. Por un lado se lles manda facer un plan de axuste e polo outro tiñan que poñer o 80% de algo que antes se recibían da Xunta, polo tanto están achegando tanto a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Deputación como os concellos. Por iso di que non se veñan tanto arriba porque quen está incumprindo é a Xunta de Galicia, que é do Partido Popular.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que xa recoñeceu antes que se alegraba do apoio do Grupo Socialista e a súa valoración favorable a este plan. De todos os xeitos dille ao Sr. Gómez que non se dea por aludido se non debe. Quere recalcar que a aprobación deste plan coa modificación tan importante á que se referiu (anticipar antes do mes de marzo o 70% do importe) permitiralles aos concellos dispoñer de tesourería e poder proceder a contratación do persoal técnico sen ter que anticipar fondos, que é o que acostuman as distintas administracións.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras do Programa Provincial de Asistencia Técnica, Económica e Xurídica aos Concellos e Mancomunidades en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2015, co seguinte contido:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do Programa:

Constitúe o obxecto do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2015 o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa estrutúrase en tres accións:

1ª) Acción 1: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.

2ª) Acción 2: asistencia económica co obxecto de garantir o financiamento do servizo de axuda no fogar básico aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes.

3ª) Acción 3: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido no artigo 7.2.e) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP de Ourense n.º 296, do 28 de decembro de 2009), a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es>.

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde, presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma antes 31 de xaneiro de 2015.

Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. En todo caso, mediante resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán o importe do cofinanciamento destinado ao servizo de axuda no fogar das entidades adheridas, distribuíndose o remanente entre estas últimas conforme o criterio establecido na regra de distribución da base III.

Coa adhesión os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> tanto no programa de servizo de axuda no fogar (SAF), como no programa para a contratación de técnicos.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ó cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 70 % do importe máximo total de subvención previsto:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Antes do 1 de marzo, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe máximo de subvención total previsto a cada concello. El 30% restante aboarásele unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o servizo de axuda no fogar:

A xustificación da subvención realizarase do xeito previsto na base III.3

D.3) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito a cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

As cantidades non xustificadas na Acción I, incrementarán a dotación da Acción II, procedéndose ao seu reparto entre todos os concellos beneficiarios da dita Acción, conforme co establecido nas bases específicas da dita Acción.

E) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2015 e 2016. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En toda Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

F) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, para o que se lles farán chegar as normas de información e publicidade que deberán observar aquelas entidades que se adhiran a este programa. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no Anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS)

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo:

a) Entidades locais de áreas rurais de 5000 ata 12000 habitantes: 1 técnico medio por entidade -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes: 1 técnico medio – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade e 1 titulado superior ou en posesión de grao universitario en ámbitos de atención ou materias relacionadas cos programas desenvolvidos dentro do servizos sociais comunitarios.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente ao módulo económico establecido no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, sendo o seguinte:

- Por cada técnico medio (UTES e UNIS): 15.013 euros.
- Por cada titulado superior ou en posesión de grao universitario (UNIS): 18.043 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

A xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez realizado o(s) contrato(s) ou nomeamento(s) do(s) técnico/a(s), o concello ou mancomunidade terá que introducir no sistema de xestión telemática os datos referidos a este

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

contrato ou nomeamento, especificando categoría profesional, xornada de traballo, nome, apelidos e NIF, e o custo laboral previsto para estas persoas desagregando a retribución bruta e o custo de seguridade social con cargo á entidade local.

No suposto en que a entidade local xa dispuxese do persoal técnico obxecto de subvención con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, farase constar esta circunstancia, considerándose que o persoal está contratado ou nomeado con data de 1 de xaneiro, para os efectos da xustificación da subvención.

Para a carga dos datos no sistema deberá utilizarse o modelo definido pola Deputación e que será descargado da propia plataforma informática.

b) A partir do mes seguinte ao primeiro semestre natural, o sistema permitirá á entidade local interesada xerar a certificación, que poderá comprender a totalidade do gasto realizado durante o período previo á presentación da certificación. Esta certificación será asinada necesariamente pola persoa que ostente a fe pública dentro da entidade e remitírase telematicamente a través do propio sistema.

c) No mes seguinte ao segundo semestre natural, o sistema permitirá xerar a certificación final, remitíndose telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de xaneiro de 2016, xunto cunha memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados segundo o modelo que figura na plataforma.

A recepción da certificación e a memoria equivalerá ao acto de xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 30 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha vixencia inferior ao semestre natural ao que se refire, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

d) O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 31 de xaneiro de 2016, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2016. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido.

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia económica para o Servizo de Axuda no Fogar Básico.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

III.1. Obxecto:

En virtude desta acción, a Deputación Provincial subvencionará a prestación no exercicio 2015 do servizo de axuda no fogar básico polos concellos ou mancomunidades de menos de 20.000 habitantes, tanto nos supostos en que sexa prestado por xestión directa como por xestión indirecta.

Considérase SAF básico para os efectos de esta liña de subvención, aquel cuxos usuarios accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como usuarios en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes en tanto o seu programa de atención individualizada non goce de efectividade.

III.2 Contía da subvención.

O importe da subvención por entidade local determínase pola aplicación das seguintes regras:

1) A contía máxima estimada da subvención establécese por aplicación da ratio de cobertura por habitante recollida no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividi-lo crédito orzamentario dispoñible entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte cadro:

Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.

Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.

Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o servizo de axuda no fogar sexa prestado por mancomunidades a contía será o resultado de sumalas cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como anexo II do presente Programa.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

2) A contía máxima inicial, determinada conforme á regra 1) anterior queda, en todo caso, condicionada a que o seu importe non exceda do 100 % do custo neto do servizo básico de axuda no fogar (SAF básico), que se determinará conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar.
- O 10 % da suma dos importes anteriores, en concepto de gastos xerais.

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total polo número de horas de servizos prestados de SAF básico, e dividindo o resultado entre o número de horas de servizos prestados do SAF total.

Obtido o custo bruto do SAF básico, o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

b) Xestión indirecta do servizo: o custo neto do SAF básico determinarase multiplicando o número de horas de servizo prestadas pola empresa adxudicataria polo prezo unitario por hora establecido no contrato administrativo correspondente. No caso de que o contrato administrativo non estableza ese prezo unitario, este será determinado pola Deputación Provincial coa información subministrada pola entidade local interesada.

A determinación do custo neto do SAF básico realizarase a través da plataforma informática, mediante a xeración da certificación correspondente, conforme co establecido no apartado seguinte.

III.3. Xustificación e pagamento.

A xustificación da subvención realizarase de modo sucesivo e con periodicidade mensual, mediante o emprego da plataforma informática <http://benourense.depourense.es>, do seguinte xeito:

a) Antes do día 10 de cada mes, a entidade local introducirá na plataforma as previsións relativas á prestación do servizo (usuarios, persoal adscrito, horas de prestación) correspondentes ao mes en curso.

b) Posteriormente, a medida que se vaian producindo, as entidades locais introducirán na dita plataforma as modificacións dos datos que se produzan con respecto ás previsións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

inicialmente comunicadas. En todo caso, antes do día 10 do mes seguinte ao da prestación dos servizos deberán introducirse a totalidade das modificacións producidas, debendo terse comunicado nese prazo a través da plataforma os datos definitivos de prestación do servizo. Concluído o prazo sinalado, non se poderán introducir novos datos no sistema, agás que se acredite causa xustificativa que impidise a súa introdución en prazo. Neste supostos, a entidade local interesada deberá solicitar da Presidencia autorización para a introdución extemporánea dos datos. A solicitude deberá formularse antes do 31 de xullo de 2015, para os datos referidos ao primeiro semestre, e antes do 31 de xaneiro de 2016, para os datos referidos ao segundo semestre. A Presidencia resolverá de modo motivado estas solicitudes, podendo habilitar ao seu través un prazo suplementario para a introdución ou corrección dos datos de que se trate.

A introdución dos datos correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2015 levarase a cabo antes do 31 de marzo de 2015.

a) No mes seguinte ao vencemento do primeiro semestre natural o sistema permitirá á entidade local interesada xerar a certificación correspondente aos servizos xustificados conforme co sinalado no apartado b) anterior. Esta certificación servirá de xustificación da subvención anticipada, remitíndose telematicamente a través do propio sistema . A recepción da certificación equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención.

b) No mes seguinte ao segundo semestre natural, o sistema permitirá xerar a certificación final , remitíndose telematicamente a través do propio sistema ata o 15 de xaneiro de 2016.

No caso de que o custo do servizo sexa inferior o importe da subvención concedida dentro da Acción II, o remanente que resulte será repartido entre as entidades beneficiarias desta Acción II conforme as regras de distribución prevista na base III.2. Procederáse de igual xeito co remanente resultante das subvencións da Acción I.

IV. Bases relativas á Acción 3: Asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Deputación Provincial en cada momento, e dirixirse prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

2º.- De conformidade co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, as bases reguladoras do programa inicialmente aprobadas someterase a información pública, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de dez días hábiles, durante os que as entidades locais interesadas poderán formular as alegacións e suxestións que consideren oportunas, as cales serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas de xeito definitivo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- O presente acordo queda condicionado á aprobación definitiva do Plan Estratégico de Subvencións para o exercicio 2015, así como á entrada en vigor do orzamento para o exercicio 2015, adoptándose, en todo caso, ao abeiro e coas condicións establecidas no artigo 56 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

ANEXO I

CORPORACIÓN LOCAL PRESTADORA DE SSCM	UNIDADE TÉCNICA	ÁREA	TIT. MED.	COFINANCIAMENTO	TIT. SUP.	COFINANCIAMENTO	TOTAL POR ENTIDADE
Allariz	UTES	RURAL 28	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Barbadás	SEMIURBA NO	SEMIURB. 9	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	RURAL 31	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Carballiño, O	UNIS	RURAL 25	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Manc. de Verín	UTES	RURAL 30	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. do Carballiño	UTES	RURAL 25	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. do Ribeiro	UTES	RURAL 26	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. Santa Águeda	UTES	RURAL 24	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Manc. Terras de Celanova	UNIS	RURAL 27	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	RURAL 24	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Ribadavia	UTES	RURAL 26	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €
Verín	UNIS	RURAL 30	1,0	15.013,00 €	1,0	18.043,00 €	33.056,00 €
Xinzo de Limia	UTES	RURAL 29	1,0	15.013,00 €			15.013,00 €

ANEXO II

CONCELLO	reparto económico
Castrelo do Val	3532,56
Cualedro	5814,07
Laza	4656,70
Monterrei	8835,94
Oímbra	6231,09
Verín	41988,53
Vilardevos	6439,60
Amoeiro	6883,81
Coles	9718,32
Peroxa, A	6300,59
Vilamarín	6403,33
Castro Caldelas	10477,82
Esgos	3565,80
Montederramo	6303,61

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Nogueira de Ramuín	7059,08
Parada de Sil	4569,06
Pereiro de Aguiar	19055,89
Teixeira, A	2926,17
Xunqueira de Espadanedo	2695,50
Arnoia, A	3175,98
Beade	1510,93
Cenlle	4022,10
Cortegada	3858,92
Leiro	5327,55
Manzaneda	7058,07
Pobra de Trives, A	16837,84
San Xoán de Río	4829,95
Baltar	3251,53
Blancos, Os	2943,30
Calvos de Randín	3215,27
Porqueira	3036,98
Rairiz de Veiga	4738,29
Sandiás	4055,34
Sarreaus	4254,79
Trasmiras	4635,54
Vilar de Barrio	4750,37
Xinzo de Limia	31300,49
Mezquita, A	9194,53
Ríos	5448,42
Vilariño de Conso	4456,25
Cartelle	9558,16
Celanova	17554,02
Gomesende	2761,99
Merca, A	6639,04
Pontedeva	1976,30
Quintela de Leirado	2163,66
Ramirás	5475,62
Verea	3475,15
Beariz	3641,35
Boborás	8648,58
Irixe, O	5103,93
San Amaro	3738,05
San Cristovo de Cea	7735,98
Barbadás	15206,03
San Cibrao das Viñas	7169,38
Toén	3878,57
Allariz	18309,49

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Avión	7276,65
Bande	13805,90
Baños de Molgas	5360,79
Barco de Valdeorras, O	40603,00
Bola, A	4224,57
Bolo, O	3275,70
Carballeda de Avia	4493,52
Carballeda de Valdeorras	5357,77
Carballiño, O	41013,37
Castrelo de Miño	5300,35
Chandrexa de Queixa	4131,90
Entrimo	9807,97
Gudiña, A	10618,84
Larouco	1683,18
Lobeira	6409,38
Lobios	15335,97
Maceda	9404,05
Maside	8971,92
Melón	4469,34
Muíños	12543,77
Ourense	0,00
Paderne de Allariz	4756,42
Padrenda	6781,07
Petín	2967,47
Piñor	3994,91
Punxín	2420,51
Ribadavia	16073,31
Rúa, A	14187,66
Rubiá	4705,05
Taboadela	4961,90
Veiga, A	3130,65
Viana do Bolo	22422,25
Vilamartín de Valdeorras	6007,47
Vilar de Santos	2786,16
Xunqueira de Ambía	4983,06
TOTAL	732661,04

10º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO MES DE DECEMBRO DE 2014.-

Logo da ratificación da inclusión na orde do día deste asunto, o Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Fixar a data de celebración das comisións informativas e do Pleno ordinario do mes de decembro, do seguinte xeito:
 - . Comisións informativas: día 22 de decembro, luns, a partir das 17.00 horas.
 - . Pleno ordinario: día 29 de decembro, luns, ás 11.00 horas.

11º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2014 E DO PRIMEIRO ADICIONAL DE SETEMBRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de outubro de 2014 e do primeiro adicional de setembro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

12º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE OUTUBRO DE 2014 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE XULLO, 2º DE AGOSTO E 1º DE SETEMBRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de outubro de 2014 e dos seguintes adicionais: 2º de xullo, 2º de agosto e 1º de setembro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

13º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que se presentaron catro mocións de urxencia.

13ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIRLLE Á XUNTA QUE POÑA EN MARCHA O TRANSPORTE METROPOLITANO EN OURENSE.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Logo da declaración, por unanimidade, da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Morenza Doforno para que expoña o contido da moción.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, manifesta que todos sabemos que a mobilidade é fundamental para o desenvolvemento da área metropolitana de Ourense. A fluidez no transporte de viaxeiros é un factor clave para a modernización da maior parte dos concellos que compoñen a comarca de Ourense. Non obstante, a posta en marcha do transporte metropolitano en Ourense necesita o compromiso en firme e con cifras consignadas nos orzamentos autonómicos. Nunha recente comparecencia da conselleira de Medio Ambiente, Ethel Vázquez, non concretou as actuacións que se van acometer para pór en funcionamento o transporte metropolitano en Ourense. Está claro que na actualidade é o executivo autonómico o que ten paralizado o proxecto porque dende o mes de marzo non se volveron retomar as negociacións para definir os pormenores do proxecto. A actitude dos sucesivos titulares da Dirección Xeral de Mobilidade respecto ó proxecto do transporte metropolitano de Ourense caracterízase pola pasividade e pola cerrazón á hora de negociar co Concello de Ourense. Esta situación está retrasando todo o procedemento e dilatando no tempo as melloras na accesibilidade que suporá o transporte metropolitano. Dende o Grupo Socialista cren que a tan consabida escusa de que o transporte metropolitano non funciona porque Ourense cidade non clarexa a situación dos intercambiadores é unha falacia. Quedan por definir cuestións moito máis controvertidas e que moito se temen que están retrasando realmente o proxecto, como é a negociación coas empresas que teñen a adxudicación das liñas máis importantes da zona periférica da cidade. É preciso un compromiso firme da administración titular das competencias en materia de transporte metropolitano, é dicir, da Xunta de Galicia para fixar prazos e consignacións orzamentarias concretas. Para Ourense e a súa área de influencia é crucial o transporte metropolitano que afecta a unha poboación en torno ós 137.000 viaxeiros e a 8 concellos (Ourense, Barbadás, Pereiro, Coles, Punxín, Toén, Amoeiro e San Cibrao). O transporte de viaxeiros precisa este pulo debido principalmente ao que suporá de abaratamento do custo do billete, de comodidade para os usuarios ou de axilidade na mobilidade. Do que se trata é de mellorar a conexión das redes urbana e metropolitana e de implementar e modernizar a infraestrutura e a imaxe do sistema de transporte público. Outras vantaxes afectan ao medio ambiente, ao reducirse as emisións de CO₂, ao diminuír o número de vehículos que circulan e á mellora da calidade de vida das persoas que residen no medio rural. Por todo elo é que o Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo: esixirlle á Xunta que cumpra o compromiso de pór en marcha o transporte metropolitano en Ourense e instar ao executivo galego a desbloquear as negociacións co Concello de Ourense, practicamente paralizadas dende marzo de 2014. Dan por feito que o portavoz do Grupo Popular traerá datos maravillosos dos seus “mundos de Yupi”, boas noticias e a lección ben aprendida e xa anticipándose ao que pode chegar a dicir (ao mellor non o di). Teñen noticias de que algún concello xa lles está anunciando aos veciños que se vai poñer en marcha o transporte metropolitano e non teñen claro se vai ser un transporte municipal pagado antes de que se poña en marcha o transporte metropolitano, ou se se vai anunciar hoxe a posta en marcha da primeira fase do transporte metropolitano, que Agustín Hernández xa dixo no seu día que se faría con ou sen Ourense, se vai manexar os datos desa forma que os manexa (moi ben manexados, pero con moita terxiversación).

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que coa chegada do BNG ao goberno municipal de Ourense, actívase o plan de creación dunha Mancomunidade de Transporte, que permitira pór en marcha un servizo conxunto e eficaz para responder ás necesidades dos máis de 170.000 habitantes e veciños da cidade e dos concellos marxeantes, e ao tempo servir como motor e dinamizador socioeconómico. Porque se hoxe estamos a falar disto é grazas a que o BNG asumira o liderado nesta cuestión, reuníndose con representantes das asociacións de veciños de Ourense e dos concellos limítrofes para proporlles un proxecto para definir un servizo de autobús entre os diferentes municipios e a capital. Proposta, iso si, baseada no estudo realizado pola Xunta en 1996 para a creación dunha mancomunidade de transportes, aínda que coas correccións e as modificacións necesarias. Para o BNG esta é unha opción máis completa e real que o actual plan de transporte mancomunado que pretende pór en marcha o actual goberno galego que, ademais de non solucionar a conexión interna de cada un dos concellos, suporía rescatar as concesións dos sete concellos implicados, o que implicaría un elevado custo que probablemente a Dirección Xeral de Transportes non podería asumir. Por que a única realidade obxectiva, a día de hoxe, é que logo de varios anos e varios intentos para pór en marcha esta Mancomunidade, Ourense é a única capital galega que non conta con este servizo. En canto as razóns que xustifican que 9 anos despois aínda non esta en marcha unhas confesábeis, que obedecen a varios tipos: unhas de tipo económico, por canto administrativo, a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014

respecto de cal debe ser o peso que debe ter cada concello nesa futura mancomunidade, elemento de discrepancia pois que a representación na mancomunidade sexa ou non proporcional, determina o peso real de cada concello. Parece lóxico que o Concello de Ourense, que conta co 80% da poboación teña unha representación acorde a esa porcentaxe. Outras de seguridade viaria. Daquela o goberno de coalición na cidade alegou que a localización dos intercambiadores non era a máis idónea, posto que, a dicir dos técnicos municipais e dos informes da Policía Local, podía xerar colapso de tráfico en determinadas areas da cidade, e outras de tipo xurídico posto que podería existir unha invasión de dereitos, nomeadamente da concesionaria dos autobuses urbanos de Ourense. Outras inconfesábeis, que teñen que ver cos intereses das concesionarias da liñas de transporte que atravesan os distintos concellos. Porque estas concesións en precario en ningún caso obrigan a integrarse na futura mancomunidade, dado que é voluntaria. A concesión dos autobuses urbanos de Ourense remata en 2015, polo que sería un bo momento para fixar uns criterios claros coa nova concesionaria, coas máximas garantías xurídicas, que non menoscabaran intereses de terceiros. Din isto porque no seu día, un alcalde do Partido Popular, na cidade, o mesmo que cambiou o planeamento, aprobou un prego de condicións que supuña a imposibilidade material para que moitas das empresas puideran cumprilo. Con respecto aos datos de partida, pártese dunha falacia para xustificar a posta en marcha desta mancomunidade que abrangue a 8 concellos. Non é certo que o número de viaxeiros potenciais sexa de 170 mil, por canto Ourense, cunha poboación de máis de 100 mil, ten o tema do transporte resolto e Barbadás, especialmente na Valenzá, tamén ten resolto o transporte da parte máis importante de poboación do concello. Polo tanto, o número de viaxeiros potenciais diminúe considerabelmente. O número de viaxeiros en autobús e tren non cesa de caer, ano tras ano, en Galiza. Eran 28 millóns en 2006, un 30% menos que os 40 millóns rexistrados en 1990. Un descenso en paralelo ao da oferta de transporte público que tampouco deixa de minguar. Redúcense continuamente servizos de buses e suprímense paradas de trens. E todos os indicadores, proxectos en marcha e decisións, apuntan a máis destrución de servizos públicos de transporte. A tan cacarexada mobilidade é unha utopía nun País onde a aposta polo asfalto, e o coche é aínda maior que no resto do Estado. Esa reconversión en asfalto dun servizo público de transporte na contorna dunha cidade hoxe tan necesitada del, ilustra unha tendencia que vai en aumento. Os orzamentos da Xunta volven primar a construción e a conservación de estradas fronte á ordenación e inspección de transporte. A administración

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Popular fracasou estrepitosamente durante todos estes anos en cambiar o mapa de rutas do transporte en autobús, configurado por 143 concesións en réxime de monopolio que en moitos casos perpetúanse desde mediados dos anos 50. Unha herdanza da ditadura que non foi quen de transformar para adaptar á poboación actual e as súas necesidades aos servizos públicos de transporte interurbano.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Morenza que non se lle dá moi ben facer de pitonisa. Non vai dar datos (aínda que os podería dar) porque xa se saben, e este non é o foro adecuado para enlearse nese tipo de debate. Anuncia que votarán a favor dos acordos propostos na moción, porque iso mesmo (a posta en marcha do transporte metropolitano en Ourense) é precisamente o que este grupo –xuntamente cos alcaldes e corporacións dos concellos afectados – veñen defendendo e reivindicando desde hai moitos anos (ten entendido que xa se falaba disto no goberno do Partido Socialista, do Sr. Veiga Pombo de alcalde). Dille á Sra. Morenza Doforno, que como sempre, seguindo a súa liña, esquecese (non sabe se intencionadamente ou non) de que ese bloqueo ao que se refire non é só responsabilidade da Xunta, tamén é do Concello de Ourense. Desde hai anos o Concello de Ourense, cuns gobernos e con outros, vén sendo o máximo responsable de que o transporte metropolitano non funcione, ao impoñer unhas condicións para o seu funcionamento totalmente inaceptables e que non entenderían en ningún caos os usuarios dos concellos da periferia de Ourense. Pregúntalle á Sra. Morenza a qué se debe o esquecemento do Concello de Ourense ou se é que non lle permiten falar deles. Adianta que nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2015 figura unha dotación orzamentaria para a posta en funcionamento deste servizo. Apela a que ese desbloqueo sexa cousa de dous, porque o resto dos concellos xa manifestaron unha e outra vez que está de acordo e reivindicán, tamén unha e outra vez, a posta en funcionamento dese transporte metropolitano.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, sorpréndelle que o Sr. Alvarez Dobaño non dea datos novos (será porque non os ten ou non llos deron). Efectivamente, desde o ano 1994 fálase de transporte metropolitano. O Grupo Socialista fala do presente e o presente é que desde marzo de 2014 están bloqueadas as negociacións. Non respondeu nada dos alcaldes que xa andan anunciando o transporte metropolitano. O Concello de Ourense ten unha predisposición total e absoluta, esa foi e será sempre a actitude do Concello de Ourense nas negociacións previas á sinatura do convenio, polo menos desde que goberna o Partido

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014

Socialista. Independentemente das cuestións técnicas ou das negociacións coas empresas concesionarias, a posta en marcha do transporte metropolitano é unha cuestión de vontade política. Unha vontade política que tivo o anterior conselleiro Agustín Hernández e os directores xerais Bugarín e Triguero. Pero dende hai uns meses a desidia parece caracterizar a postura da Xunta á hora de perfilar os aspectos definitivos do proxecto. Dende o mes de marzo en que se interromperon os encontros entre Xunta e Concello o transporte metropolitano para Ourense parece quedar esquecido na axenda do goberno de Feijóo. Nunha recente comparecencia no Parlamento Galego da conselleira de Medio Ambiente, Ethel Vázquez, falaba de que se porá en marcha o transporte metropolitano en 2015, pero non hai nin consignación orzamentaria específica nin parece que a Xunta teña unha actitude proactiva con esta cuestión fundamental para a cidadanía da periferia de Ourense. Non podemos esquecer que pór en funcionamento o transporte metropolitano terá un custo estimado de 6,5 millóns de euros, dos que 5,3 ten que achegalos a Xunta de Galicia. Nos orzamentos do vindeiro ano destínanse 8,6 millóns de euros, pero para a posta en marcha do transporte metropolitano en Vigo, Pontevedra e Ourense. Quedou claro tamén na comparecencia de Ethel Vázquez que fala destas 3 cidades en clave futurista, alardeando das vantaxes do plan de transporte de viaxeiros da Xunta, pero asegurando Así, insistiu en que “o primeiro obxectivo da Xunta é conseguir levar este plan ás sete grandes cidades de Galicia, posto que Vigo, Pontevedra e Ourense aínda non dispoñen deste plan, cando o consigamos poderemos propoñer outros obxectivos”. Está claro que a situación está punto morto, non cadran as contas e Xunta non ten a predisposición que si ten o concello de Ourense. Esa falta de disposición reflíctese en que que a nova directora xeral de Mobilidade, Helena de Lucas de Santos, que tomou posesión en setembro deste ano, leva desde hai un mes sen responder aos intentos da concelleira de Transporte de Ourense, Susana Bayo, para poñerse en contacto con ela e retomar as negociacións. Os intentos para seguir cos traballos para definir os pormenores do proxecto téñense realizado por varias vías, pero o mutismo é absoluto. Á Xunta non parece que lle interese tema ao mellor ata o mes de marzo, que é cando empezarán a facer esa propaganda barata. Desde o Partido Socialista queren volver insistir na importancia do transporte metropolitano para os 7 concellos da periferia e para Ourense. E seguirán insistindo na urxencia de poñelo en marcha e nas vantaxes que suporá para os usuarios: aforro aproximado de 600 euros ao ano para os usuarios; redución considerable no prezo do billete; descontos de ata o 40

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

%; transbordo bonificado; mellora da mobilidade e da accesibilidade á cidade dende o medio rural; aumento de beneficios do comercio local; redución da contaminación; diminución no número de accidentes de tráfico, etcétera. Hoxe está sendo pouco apocalíptica. Quere resaltar que ao Partido Socialista lle interesan os feitos, a cidade está disposta e quere negociar, os cidadáns da periferia e do centro da cidade están esperando a posta en marcha do transporte metropolitano como auga de maio, o comercio local tamén. Está claro que, neste caso, a pelota está no tellado do Partido Popular, e o feito de que está no seu tellado demostra o cando hoxe o portavoz do Partido Popular non trae ningún dato novo nin ningunha boa noticia.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que van apoiar a moción, pero quere puntualizar que o mapa das rutas segue como hai 30 anos, fóra diso, alianzas e segregacións das empresas e demais. Houbo intentos de transformalo durante o goberno de coalición, pero a perda do goberno fixo que quedara en nada. Ao final, chegou Alberto Núñez Feijóo e a primeira medida que tomou foi a de prorrogar as concesións, ata 2020, ou ata nalgúns casos 2028, e seguirán tendo o monopolio as mesmas empresas cuxo interese non está en mellorar as súas rutas e liñas regulares, a maioría deficitarias, senón en non perder a súa praza no reparto da substancial torta do transporte escolar (sabe do que fala porque dá clases nun centro que practicamente funciona co horario que marcan os transportes escolares).

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Morenza que, efectivamente, cando dá datos é que llos dan, non sabe se ela os soña ou os inventa. Dille que el non ten ningún tipo de responsabilidades na Xunta de Galicia. En canto a que hai alcaldes que van anunciando cousas, dille que quen ten preguntar por esas cousas son os concelleiros deses concellos aos seus alcaldes. Aquí estamos na Deputación Provincial e respectan a autonomía municipal. En canto a que non deu ningunha noticia (nin boa, nin mala, nin regular) di que non lle corresponde a el dar as noticias de quen ten as decisións, xa as dará quen corresponda (tampouco á Sra. Morenza lle corresponde dar aquí noticias do Concello de Ourense). Lamenta tela descolocado na intervención pero pídelo que para outra vez lle mande un wasap para non descolocala. Estamos aquí para debater disto e do anterior (ao que se lle dedicou menos tempo, polo menos a oposición). Dentro da complexidade de todo isto, o Grupo Popular entende que debe procurarse que a maior cantidade de usuarios chegue o máis pronto posible aos seus destinos (algo apuntou o Sr. Rodríguez Puga nun suposto concreto) e facilitar a conexión co transporte urbano daqueles que realmente non sexa viable aproximar ao punto final da súa ruta.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Isto é especialmente significativo no caso de usuarios situados nos núcleos máis contiguos a Ourense: A Valenzá, Piñor, Polígono de San Cibrao, Pereiro, etcétera, que xa actualmente acceden ao centro urbano. Polo tanto, cónstalle que a Xunta de Galicia non aceptará unha solución na que os usuarios perdan na calidade do servizo de transporte que se lles ofrece, resultando esencial que se manteña un sistema de conexión que iguale ou, na medida do posible, mellore o actual. Tamén lle consta (e se non así que o corrixa a Sra. Morenza, que parece que ten unha conexión profunda co grupo municipal Socialista do Concello de Ourense) que actual goberno de Ourense pretende, a través do plan, que os cidadáns de Ourense e dos municipios limítrofes só poidan acceder ao transporte metropolitano en intercambiadores situados na periferia da cidade. Así, un veciño das Lagoas que queira ir ao Polígono, tería que coller o autobús na Saínza cando agora o pode facer no centro de Ourense. Igualmente, un veciño da Valenzá tería que baixar tamén na Saínza ou na rúa Pura e Dora Vázquez para, se o desexa, agardar por un hipotético autobús urbano que o leve ao centro urbano, onde agora vai directamente. Para o Grupo Popular esta planificación, lonxe de incentivar o uso do transporte público, suporía unha traba para a súa utilización.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, parece que o Sr. Álvarez Dobaño coñece moi ben os detalles para non saber nada. Di que nesta Deputación se están representando todos os concellos da provincia, e tamén aos oito concellos implicados, incluído o Concello de Ourense, polo que pode falar de Ourense, de Barbadás ou de Punxín. Este bloqueo das negociacións veu polo intenso traballo para definir precisamente eses detalles que coñece tan ben o Sr. Álvarez Dobaño, como os intercambiadores, cuestións técnicas que levan moito tempo. Non acaba de entender como pode alardear de que se vai poñer en marcha o transporte metropolitano o ano que vén, cando non hai consignación orzamentaria. Pide que se desbloqueen as negociacións.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Esixirlle á Xunta que cumpra o compromiso de poñer en marcha o transporte metropolitano en Ourense.

2º.- Instar ao executivo galego a desbloquear as negociacións co Concello de Ourense, practicamente paralizadas desde marzo de 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

13ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIRLLE AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE A QUE LLE FACILITE AO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA A DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO CONGRESO QUE O PARTIDO POPULAR DE OURENSE CELEBROU NO PAVILLÓN PACO PAZ NO ANO 2010.-

Logo da declaración, por unanimidade, da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que traen esta moción referente ao ano 2010, porque nese ano empeza o reinado de este Sr. Baltar e ten que ver co que se vai falar. Aínda que o grupo de goberno pense que a presentación desta moción molesta e que é carente de contido, son cuestións que o Grupo Socialista xa ten presentado en varias ocasións (refírese aos acordos), e demostrará que non é tal, e todo vén a raíz das últimas marusías (di isto para evitar que o portavoz do Grupo Popular diga que veñen montar ruído) porque desta vez o espectáculo montárono eles sos, non fixo falta que llo montase ninguén. Non podían deixar pasar esta sesión plenaria sen falar desta situación tan grave que lle afecta ao Partido Popular de toda a provincia. O epicentro deste terremoto está nesta Deputación, e di epicentro porque, supostamente, todo se argallaba entre estas paredes. Intentará argumentar o fondo que subxace no espírito desta moción polo que non deben quedar só cos acordos ou co texto da moción, senón co fondo. O Grupo Socialista vai dar argumentos prudentes e sensatos, pero coa contundencia precisa dunha situación que non pode seguir así nin un segundo máis. Xa sabe que o Sr. Baltar anunciou estes días unha querela, tanto pola vía penal como pola civil, contra o seu desempregado Emilio Pascual (exempregado do PP). Desde ese punto de vista non teñen nada que dicir, respectan a decisión do presidente esperarán ás decisións xudiciais. O problema é que as declaracións desta persoa non son un problema xudicial, son cuestións que, dada a súa gravidade, teñen que ser debatidas e resoltas no ámbito político, dado que o que se pon en cuestión é todo o que ten que ver co que o Sr. presidente se farta de pregoar, que é transparencia, ética, honradez, limpeza democrática, á marxe dos posibles delitos que son outra instancia e é o estado de dereito quen o ten que decidir. Está de acordo con algo que dixo o presidente estes días: isto é obsceno. Obscenidade é o que se fixo máis palpable esta semana, que non era un segredo ben gardado porque moitas das cousas que di esta persoa xa estiveron nas mans da xustiza e de moitos máis, porque á xustiza fixéronllas chegar persoas que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

pertencen ao entorno do presidente. Esta clase de persoas (o ex - xerente e demais) non lle amosan ningunha simpatía, pero non porque non teñan credibilidade, porque dalgunhas cousas que dixo existen documentos, senón porque esta persoa, como outras, filtraban e eran consentidores ou cómplices destas prácticas e polo tanto non son xusticeiros, senón que son xente resentida, molesta ou que se sente traizoada. Dille ao Sr. presidente que politicamente está amortizado polos mesmos que o outro día en Verín lle pasaban as mans polas costas. Algúns (con moita imaxinación) vían, en sentido figurado, coitelos. Coitelos que non lle afundirán ata pasadas as eleccións. Dille ao Sr. presidente que das declaracións que fai o seu desempregado despréndense dúas cuestións distintas: a primeira, na que se fala de temas de financiamento irregular do Partido Popular, que pode ser entendida ou non como ilegal xuridicamente e, se se proba, poida constituír un delito fiscal, pero iso non lle corresponde, pero o que si é *alegal*. O xuíz non di que o ex-xerente estea mentindo, todo o contrario, o que fai é ditar un auto no que require os libros contables, o libro maior, o libro diario, o libro de facturas e do IVE correspondentes aos gastos, desde o ano 2003 ata agora, a persoas xurídicas e físicas. Entre esas persoas físicas está o Sr. presidente. Pregúntalle ao Sr. presidente se cre que esta situación é compatible coa súa cacarexada transparencia. A segunda parte da declaración fala de algo máis grave: o enriquecemento persoal do anterior presidente. Poñéndose en boas intencións e pensando que isto non é certo, a pesar de que as evidencias non fosen culpa de ninguén máis que de a quen se alude, será culpa de quen falaba do seu patrimonio e incluso non o desmentía (coches de alta gama, propiedades cuantiosas, etcétera). A legalidade disto pódese demostrar coas facturas de cando foron adquiridos. Supoñamos que o Sr. presidente actual siga sendo presidente da Deputación e que na súa etapa como presidente non fixera nada disto do que se fala, pregúntalle cómo un cargo público e presidente desta institución pode continuar meses, incluso anos, levando as rendas desta casa con ética e, sobre todo, coas garantías de que vaia colaborar se existen grandes sospeitas da figura do anterior presidente que é o seu pai; alguén pode crer que o Sr. presidente vai colaborar? Iso, no só aspecto da condición humana, é imposible, porque sería ser un mal fillo. Non dubida do presidente como persoa, senón que dubida do presidente da Deputación, non de Xosé Manuel Baltar, porque as súas relacións persoais non lle incumben. O actual presidente da Deputación, como político, non pode ser arte e parte; non pode exercer de fiscal, se así llo requiren, e á súa vez, facer de avogado defensor; non pode exercer de adaiñ da transparencia se recae sobre el unha tormenta de corrupción.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Manifesta que o presidente non ten credibilidade para rexenerar esta casa, porque non é que as medidas que se tomen sexan efectivas, senón quen as toma, e quen di que as vai tomar é o actual presidente, e iso son fuxidas cara adiante e ata o Sr. Feijóo non cre o que está a dicir o presidente, porque lle pediu explicacións. Cando se fala de entregar a documentación que se pide é porque de aí ven o inicio de todo isto. O Sr. presidente debería asumir esta tormenta e a mellor maneira é non estar ocupando a cadeira de brazos que ocupa neste momento, iso si sería transparencia e ser honesto politicamente, algo do que dubidan.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ao Sr. presidente que ten unha oportunidade de ouro para disipar calquera indicio de dúbida a respecto da presunta utilización partidaria desta Institución. Parece unha cuestión ben doada de resolver. De igual xeito que o resto dos cidadáns están obrigados ao escrupuloso cumprimento das ordenanzas, coas excepcións que estas sinalan, o grupo de goberno non é unha excepción. Por iso, é necesario, en prol da transparencia que predica, que clarifiquen esta cuestión e dean unha resposta críbel. O primeiro que hai que dicirlle á cidadanía, e que é falso que todos os cidadáns sexan iguais diante da lei, e que polo tanto, as esixencias en canto ao cumprimento da norma son distintas segundo para quen. Fan esta aseveración porque tal e como se desprende dos datos que constan no servizo de Intervención, o congreso realizado no Paco Paz, onde foi electo presidente do seu partido, non devindicou ningún ingreso para as arcas provinciais. Están a falar dun congreso celebrado con posterioridade á modificación da ordenanza de utilización das instalacións do Paco Paz, moito máis restritiva que a anterior, na que se eliminaban as exencións, podendo concederse bonificacións sempre que concorran determinados motivos, fixados na propia ordenanza, entre eles a xustificación de que a actividade a desenvolver resposta á utilidade pública e ao interese social. Parece evidente, que a celebración dun congreso dun partido político non entra dentro destes parámetros, e en todo caso, se así se acreditara, algo cuestionábel, en ningún caso xustificaría o non pagamento. Polo tanto, terá que xustificar cales foron as razóns invocadas para non satisfacer o pagamento dos dereitos correspondentes, dereitos que por certo foron satisfeitos, integramente, na celebración do seu último congreso, nos que en ningún caso invocaron razóns de utilidade pública e interese social para acollerse ás bonificacións previstas na ordenanza. A sensación que teñen, agás que demostre outra cousa, e que utilizan as institucións ao seu antollo, como se foran o seu predio particular, probabelmente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

por esa concepción patrimonialista da política e das institucións, de tal xeito que como o predio é meu fago o que quero nel porque non pasa nada.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que unha vez máis, e xa non moitas, o Sr. Gómez Pérez sorprende presentando unha moción de urxencia sobre algo que sucedeu hai cinco anos. Pregúntalle ao Sr. Gómez Pérez se verdadeiramente é urxente ou o que pretende é o barullo mediático, que está de moda ultimamente e hai que tapar as vergoñas. El négase a todo iso. O Grupo Popular non vai colaborar en ningún caso e de ningún xeito na montaxe que pretenden e tampouco se vai referir á intervención do Sr. Gómez Pérez, na que falou de todo menos da moción. Anuncia que votarán en contra da moción porque xa se lle contestou suficientemente a todo o que preguntaron sobre o congreso do PP do ano 2010. Déuselles copia dos documentos que acreditan o estrito cumprimento da ordenanza vixente naquel momento. Tamén se lles deu cumprida información do que solicitaron sobre o congreso do PP do ano 2013. Non ten máis que dicir e non quere colaborar nesta montaxe e reitera o voto en contra da moción porque é extemporánea e falta de fundamento.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, quere entender que non lle van contestar ao que requiriron, polo que, unha vez máis, van incumprir as súas obrigas. O que lle sorprende a el é que o grupo de goberno fale de ruído mediático, porque os que o están montando son eles mesmos, que pelexan entre eles e se acusan entre eles mesmos. En canto a que isto aconteceu hai cinco anos, di que acaba de dimitir unha ministra por algo que aconteceu hai case quince. Que pasen os anos non quere dicir que non se producisen as falcatruadas e que haxa que debatelas. Pensou que o argumento que utilizaría sería dicir que isto era cousa do partido e, polo tanto, non había que traelo aquí. Reitera que no ano 2010 foi cando empezou o reinado do presidente, e ese reinado é o que fai que ocorran cousas como as que están ocorrendo hoxe, como que o anterior presidente estea condenado, polo que non lles poden dar clases do que hai que defender aquí. Pregunta a qué se refire cando di que non van colaborar. Non van colaborar neste barullo porque non queren colaborar e así danlle a razón a todos os que pensan mal do que di o ex – xerente (por certo, teñen mala sorte cos xerentes do partido, porque están todos imputados e incluso dise que se vai imputar a todos os ministros do goberno desta nación). O que se pode debater aquí é só un gran do que pasa no Partido Popular. Cren que os que son extemporáneos nas condutas e nas formas son os membros do grupo de goberno, que non serven para rexenerar isto. Nesta Deputación si que hai alguén que si que levaría as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

alfombras, que son os membros do Grupo Socialista desta Deputación e el o primeiro que as levantaría e sería o primeiro que colaboraría coa xustiza; os membros do grupo de goberno están incapacitados desde o punto de vista moral e político. Supostamente, ao mellor o Sr. Pascual, o ex – xerente, non quixo afiliarse a ningún militante como o da Bola e despois facíase desde aquí así como os fax das transferencias, e esas son o tipo de cousas que hai que debater, porque esta casa se utilizaba como se fose do Partido Popular, e por riba non se utilizaba para nada bo, utilizábase, supostamente, para ter caixas fortes (a ver se lla ensinan algunha vez) ou para cousas que non teñen nada que ver coa xestión pública. Que o portavoz do Grupo Popular diga que non se pode vir debater aquí de algo que é un clamor na sociedade entra dentro do seu papel, pero o que tiña que falar é o Sr. presidente. Xa dixo que non pode ser esa persoa a que, polo menos, axude a que a sociedade entenda que isto ten que mudar, e iso calquera meniño de primaria o entende. Eles pediron cousas para clarear certos feitos, porque se non se clarea isto dalgunha forma, estarán a dicir que se incumpriron, cando menos, ordenanzas desta casa, tamén se puido incorrer en malversación de fondos, polo que son cuestións que hai que debater, cuestións que se fixeron durante anos, ou que un ex – xerente di que fixeron, e non vale dicir que ese señor era unha persoa que non valía ou que non se confiaba nela, e os que teñen que demostrar que o que di non é verdade son os membros do grupo de goberno. Hai unha cuestión que si está clara, que é que nesta casa o que ten que mudar é o presidente da institución e as persoas que a dirixen, para que os cidadáns perciban que aquí hai persoas honradas, e pode terse a seguridade de que o Grupo Socialista axudaría a desvelar todas esas cuestións que están en interdito, cousa que o grupo de goberno non fai, polo que os cidadáns están percibindo que a honradez nesta casa foi cuestionable, e o presidente está participando e participou dela.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que veñen aquí debater a moción do Grupo Socialista e están de acordo con ela, polo que lle piden ao grupo de goberno que simplemente disipen as dúbidas que hai e que poñan enriba da mesa os seguintes documentos: copia da solicitude realizada polo Partido Popular para realizar o Congreso Provincial o 30 de xaneiro de 2010 no Paco Paz; copia do decreto de concesión de dito local (ano 2010); copia do ingreso efectuada polo Partido Popular na conta da Deputación Provincial de Ourense para poder utilizar dito local (ano 2010); no caso de que fose condonado o pago, copia do decreto de condonación (ano 2010); copia das solicitudes realizadas por outras entidades ou particulares para calquera tipo de evento no ano 2010 para o uso do Pavillón Paco Paz, así como copia do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

ingreso bancario correspondente ou condonación do pago se fose o caso. Non hai máis voltas que darlle á historia, é fácil. Despois poderanse opinar outras cousas e non estar agora dándolle voltas á perdiz, a perdiz hai que matala e comela e non mareala.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que estas preguntas xa lle foron contestadas ao Grupo Socialista desde hai tempo; non sabe se tamén as solicitou o BNG e senón pídelles que exerzan o dereito de pedir a contestación que se lle deu ao Grupo Socialista e que despois actúen en consecuencia. Falando de ruído cre que é mellor que ninguén presuma de ruído. O Sr. Gómez interpretou mal a súa intervención, el non dixo que non se deban debater aquí temas como os que propuxo, simplemente cuestionou a urxencia, dicindo que lles sorprendía que presentasen a moción no día de onte, cando é un tema de hai cinco anos e que xa preguntaron sobre el en repetidas ocasións. O Pavillón Pazo Paz é unha instalación desta institución e, polo tanto, de todos os cidadáns. Pide que non se faga de xuíces, que para iso están os que o son, porque despois podémonos ver na obriga de pedir perdón (aínda que non se faga) e exemplo claro é o do Sr. alcalde de Baltar, ao que vilipendiaron unha e outra vez e había que mandalo para non sabe onde, e resulta que está absolto de todo. Reitera que esta é unha moción extemporánea e remítese ao que dixo na intervención anterior, que as cuestións que se formulan na moción xa foron contestadas. Na intervención do Sr. Gómez Pérez creu entender que desde esta casa se facían transferencias e pídelles que llo explique, porque esas acusacións son moi graves. Para finalizar pide respecto para o funcionamento interno dos partidos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que o que dixo é que se mandaban fax das transferencias que se acometeran, é máis, desde algunha entidade bancaria que tiña que ver co Partido Popular (isto está en papeis e pode acreditarlo, incluso os teñen na xustiza) e iso non é un delito que se poida entender como moi grave. En canto á urxencia da moción di que é cousa de cada quen, despois poderase aprobar ou non. Nunha moción falouse de cales eran os criterios para falar de imputacións ou de cuestións que tiñan que ver con persoas que se sentan neste salón e eles tiveron respecto co señor que faltaba e quen o apartou foi o grupo de goberno. Do alcalde de Baltar nunca pediron nada, pero están á espera do que pase, porque tamén sae nos papeis de actualidade. Do anterior presidente dixeron o que dixeron e pasou o que pasou. En canto ao ruído, di que o Grupo Socialista da Deputación pode falar e levantar as alfombras, e asegura que nesas cousas a el non o van coller nunca,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

poderá ter erros como teñen todos, pero ese tipo de cuestións non. En canto á moción, di que se non entregan a documentación poderían estar cometendo un delito e pide que non lles fagan acudir ao xulgado, e senón que recoñezan que non contestaron. É mellor dar explicacións aquí que ter que ir ao xulgado de novo. Este sería un claro exemplo de transparencia.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que se lles remitirá aos dous grupos toda a documentación e todo o que se contestou hai 17 meses por estas mesmas cuestións, tanto en relación co congreso de 2010 como co congreso de 2013.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia someta a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (7) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

13°C.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PLAN TERMAL DA XUNTA DE GALICIA.-

Logo da declaración, por unanimidade, da urxencia do asunto, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que a Xunta de Galiza e Deputación de Ourense veñen de asinar, hai escasos días, un acordo para executar o Plan Termal e impulsar o termalismo nesta provincia. O presidente Feijóo avanzou que a Xunta tamén desenvolverá unha normativa para o sector que regule e afonde na cooperación entre capital público e privado, detallando, na súa comparecencia, o estado dalgunhas obras e investimentos emprendidos no sector, na provincia de Ourense, como as obras no balneario de Cortegada e as da fortaleza de Monterrei, para converter unha parte dela en parador, e ampliar así a capacidade turística da comarca de Verín. Esta última actuación en concreto, está a xerar un amplo rexeitamento na poboación local que ve como a Xunta proxecta darlle ao capital privado un símbolo identitario tan importante. Se hoxe estamos a falar de potencial termal é porque en maio do 2008 o Parlamento Galego aprobou, por unanimidade, unha proposición non de lei que foi impulsada polo BNG e que pretendía potenciar os investimentos neste sector coa declaración da cidade de Ourense como a “Capital Termal de Galiza”. Unha declaración referendada co apoio unánime da cámara logo de que o termalismo ourensán vivise un dos seus peores momentos, pois a comezos de 2005, por mor dunhas escavacións non autorizadas asociadas á construción dun balneario, resultou perforado un dos pozos que alimentan ás Burgas, secando un dos canos principais das fontes polas que xorden as augas. O dano que causou a empresa Xardín das Burgas, responsábel da desfeita coa conivencia do goberno

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

municipal do PP, é irreversible, e vai supor para as arcas municipais o pagamento dunha importante cantidade de diñeiro de todos os ourensáns en concepto de indemnización. Este feito motivou, entre outras cousas, que o BNG, na súa etapa no goberno á fronte da área de termalismo, iniciase o expediente para que a Xunta de Galiza declarase Ben de Interese Cultural o sitio histórico das Burgas, para lle dar garantías xurídicas e preservar o maior patrimonio dos ourensáns e evitar así que se volvese producir un feito de semellante no futuro. Tiveron que pasar case seis anos para que o Partido Popular caia na conta do gran potencial termal que posúe esta provincia e poña en marcha medidas para potenciar este sector estratéxico que obedecen a criterios electoralistas. Sobre todo se temos en conta que a máxima referencia termal, a Capital Termal de Galiza, queda excluída desa choiva de millóns, que máis parece un adianto da lotaría do Nadal que outra cousa. Polo exposto, o BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1.- Reformular, en colaboración coa Xunta de Galiza, o chamado Plan Termal coa finalidade de consensuar a participación directa do Concello de Ourense na súa condición de "Capital Termal de Galiza", segundo declaración do Parlamento de Galiza, e do resto do concellos con potenciais termais. 2.- Elaborar unha relación de proxectos prioritarios de investimentos nas diferentes localidades e recursos termais, avalándoas en datos que garantan a súa viabilidade económica e a análise do seu impacto no desenvolvemento económico e social. 3.- Acompañar o convenio dun anexo no que figuren os investimentos cos que participará cada unha das administracións implicadas no seu desenvolvemento establecendo cronogramas concretos e as consignacións orzamentarias coas que se lles van facer fronte a estes.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pídelle ao Sr. presidente a máxima colaboración co Concello de Ourense como Capital Termal de Galicia segundo a declaración do Parlamento á que se acaba de referir o compañeiro do BNG. Pero non só co de Ourense, senón tamén co resto dos concellos, e non só estas achegas de 300.000 euros que este ano se veñen de acometer en nove concellos que escasamente dan para as melloras de acceso a eses puntos onde temos augas quentes. Esperan que este non sexa un plan virtual como eses que adoitan asinar moitas veces nesta casa ou na propia Xunta de Galicia. O propio presidente Feijóo ten asinado outros plans, e mesmo convenios de colaboración co goberno de España, que logo se tornan en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

convenios incumpridos (como o convenio para os regadíos da Limia que logo non se levou a cabo). O Plan termal que tango gaban, non pode quedar nun titular de prensa unha vez cada semana ou cada quince días, ou nuns minutos na TVG. Grazas a un estudo de Crecente Asociados descubriuse agora que temos na provincia trescentos puntos de augas quentes, desaproveitados, e que en moitos casos nin sequera foron postos en marcha para o seu uso público en xeral, só algúns grazas ás iniciativas dalgúns concellos, noutras partes, esas iniciativas foron do sector privado. Ourense termal, capital do termalismo, queda moi ben nos carteis e moito mellor nas feiras de turismo. Queda moi ben un plan que será realidade cando Ourense conte, como outras capitais europeas, con oitenta hoteis na cidade e na provincia, polo de agora o Plan termal é só unha idea, porque no orzamento da Xunta de Galicia para 2015 conta con cero euros, no orzamento do Estado para 2015 conta con cero euros, no orzamento da Deputación Provincial conta con 300.000 euros en achegas para nove concellos, mentres o Concello de Ourense permitiu no pasado a especulación no entorno das Burgas e mesmo secou a fonte en 2005, e esas desfeitas pagaranas os ourensáns. Chama poderosamente a atención que ese documento, o Plan Termal é polo de agora un documento, mellor dito tres tomos: un de diagnose, un plan director e un tomo de anexos. Descóbreuse, segundo palabras dos propios redactores, inxentes recursos termais que hai que poñer en valor. Pregunta qué se fixo nesta casa ata o de agora. Hai cincuenta e sete focos e máis de trescentos puntos quentes que podían estar aproveitados desde hai moitos anos, tempo tiveron de abondo desde hai tres décadas que gobernan as institucións. Agora deben entoar o mea culpa para non poñer eses recursos en valor e facer desta provincia a primeira en destino termal. A dotación de cartos é prioritaria, porque sen cartos o plan vai quedar nunha realidade virtual; as actuacións teñen que se concretas e priorizadas, non se pode malgastar ningún recurso que non vaia ser aproveitado e sobre todo hai que concretar prazos. Pídelle á Presidencia a máxima colaboración nun proxecto que pode sacar a esta provincia adiante, pero sobre todo lle pide que sexa realista e que non enganen unha vez máis á cidadanía de Ourense.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que lle sorprende tamén a urxencia desta moción, presentada no día de onte. Non estaría mal que aclararan o porqué de non presentar esta proposta con tempo suficiente para estudala na comisión informativa correspondente, e seguramente sairía unha proposta consensuada coas achegas dos tres grupos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

políticos, pero dá a impresión que o que pretenden non é precisamente o que piden na moción, senón máis ben outra cousa distinta. En todo caso, manifesta que o Plan Termal xa se presentou o día 4 de febreiro deste ano (xa choveu) e lembra que a oposición estaba convidada a esta presentación el non asistiu ninguén (nin os deputados provinciais nin os autonómicos). Destaca que desde entón a oposición non presentou ningunha proposta sobre temas termais. O Plan está a disposición de calquera cidadán na web da Deputación. Neste mesmo mes, hai uns días, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente desta Deputación asinaron o convenio para a súa execución plurianual (ao que tamén estaban convidados e non apareceron) Por certo, tampouco asistiu o alcalde de Ourense (que é alcalde cos votos dos concelleiros e concelleiras do BNG). Ao día seguinte desas sinaturas, o presidente da Deputación e dez concellos asinaron tamén convenios para actuacións concretas nas instalacións deses concellos. Dá a impresión de que teñen máis interese en implicar neste plan ao Concello de Ourense que os actuais gobernantes, polo menos na aparencia iso é o que parece. Hai que entender que nesta conxuntura de goberno (ou máis ben desgoberno) desta cidade non poidan votar a favor desta moción, aínda que, como ben ten dito o presidente unha e outra vez, en ningún caso se descartan actuacións de máxima colaboración co Concello de Ourense na súa condición de “Capital Termal de Galicia”, pero as circunstancias, desgraciadamente para a cidade de Ourense e os demais núcleos de poboación do concello, son as que son. Adiante que en decembro, o presidente da Deputación convocará aos concellos, vilas termais e ao Concello de Ourense, para a constitución do Consello Termal Ourense, onde estarán representadas as administracións central e autonómica, os concellos vilas termais, a Universidade de Vigo e o sector privado. Esas son as actuacións do grupo de goberno e nelas están.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que máis lles gustaría poder compartir co grupo de goberno a presentación de libros, observatorios, sinaturas, etcétera, pero hai xente que non vive da política, en todo caso, agradecen os convites. Presentan agora a moción porque non hai moito que se asinou ese plan no Carballiño. En todo caso, o presidente da Xunta, que veu a Ourense a presentar o Plan Termal, referiuse a Ourense para falar do Edificio do Campus da Auga, infraestrutura que curiosamente non aparece recollida no documento do Plan Termal, vendeunos unha choiva de millóns a través dun plan de 166 millóns de euros para desenvolver en 5 anos. Hai moitas cousas que descoñecen (se cadra por non ir ás reunións), pero algunhas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

que van dicindo por onde van as cousas e cal é o obxectivo da Xunta e da Deputación. Do que si teñen datos é de cómo vai afectar o plan termal á cidade en canto á previsión de execución de diversos proxectos. Como o denominado Auga Auria que non é outra cousa que o Gran Hotel Balneario cifrado en 37,5 millóns de euros, é dicir a privatización en toda regra das augas das Burgas (o segundo intento do Partido Popular, pois o primeiro, con xardín das Burgas xa sabemos como rematou), ou a previsión de construción de dúas infraestruturas cun custo de 72 millóns de euros, a saber, o Centro de Congresos e Wellness e o Thermal Health Center. O curioso do asunto é que se fala de infraestruturas pero non do espazo onde se construírían, que non aparece por ningures. Para o BNG, coa obxectividade que dan os datos, o Plan Termal é puro fume e ten unha clara intencionalidade electoral, pois abonda botar unha ollada para decatarse que para o ano 2015, nos orzamentos da Xunta, non hai nin un só euro consignado para termalismo. O BNG si que fixo os deberes, a través dunha oposición responsábel e en positivo, presentando emendas aos orzamentos da Xunta para incluír partidas específicas destinadas ao desenvolvemento termal. O Partido Popular ten claro cal é o seu impulso ao plan termal: privatizar as augas termais e regalarlle a Paradores o Castelo de Monterrei, que si aparece no Plan Termal. Unha das causas que fixo esta institución polo termalismo foi contratar un *zahorí*.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, reitera o dito na súa intervención anterior para que este plan fose realizable e con diñeiro, porque anunciar 166 millóns e despois non consignar nada no orzamento da Xunta de Galicia é pouco crible. Podemos ter moitos plans na cabeza, pero materializalos é diferente. Pídelle un esforzo ao Sr. presidente e ten entendido que vai viaxar ao centro de Europa a unha reunión sobre as cidades balneario, polo que lle pide tamén que copie de alí e que recolla ideas e proxectos. Tamén lle pide a reunión co alcalde de Ourense para que este lle expoña que é o que quere para a cidade e que o presidente da Deputación (alcalde dos restantes 91 concellos) que é o que pretende con ese plan termal. O estudo pode estar moi ben, pero hai que contar co que xa se ten e que se pode facer con iso, e despois facer propostas, incluídas as noventa e catro que recomentan os tres documentos mencionados (o Plan Termal).

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non se pode cualificar de fume o que aínda non se prendeu, e pide que se lles dea tempo (pau se remas pau

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

se non remas). En canto á urxencia da moción, reitera que xa hai días que se asinou o documento en Lais, polo que tiveron tempo de presentala antes, para poder estudala os tres grupos conxuntamente. Lembra que nos orzamentos da Xunta están as partidas non territorializadas, e lembra tamén que esta Deputación destina inicialmente nos seus orzamentos para 2015, 1.500.000 euros, dos cales 500.000 € serán para instalacións nas vilas termais da provincia. Aínda que non lles gusta que faga historia, pregúntalle á oposición cantas e cales foron as achegas do goberno bipartito da Xunta de Galicia ao plan termal da cidade de Ourense, sendo conselleiro don Fernando Blanco (non sabe se agora é do BNG ou non). Pregúntalles tamén se lembran quen foi o vicepresidente da Xunta (tamén do goberno bipartito) que estando o Sr. Touriño de viaxe por Sudamérica, acordou, coa máxima urxencia, a iniciación do expediente para a declaración como BIC das Burgas e o seu entorno, o que supuxo a paralización de importantes proxectos termais. Pregúntalles se saberían dicirle para qué serviu tal medida. Para rematar lembra os discursos do presidente da Xunta e do presidente desta Deputación con motivo da presentación do Plan Termal o 4 de febreiro de 2014. Daquela, o presidente da Xunta dicía que o termalismo é unha gran oportunidade para prolongar o reclamo turístico de Galicia máis alá do verán, do Nadal, de Semana Santa, como ocorre co camiño de Santiago. Dicía tamén que o termalismo en Ourense tiña que ser un exemplo da planificación turística que todos queremos. Pola súa parte, o presidente da Deputación dicía: descubramos o termalismo, aproveitemos o termalismo; somos a provincia termal; aí está o camiño, recorrámolo xuntos. Esa é a filosofía e a oferta do grupo de goberno, por responsabilidade e porque cren que a unión fai a forza sempre. Polo tanto, e sen acritude, menos propostas para a galería e máis colaboración.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, remítese ao dito de que no Parlamento de Galicia, a iniciativa do BNG, no mes de maio de 2008 aprobouse unha proposición non de lei Lembra que o PP gañou as eleccións no seguinte ano. Pedir a declaración de BIC serviu para que non nos roubasen un recurso natural en Ourense. O slogan Ourense Capital Termal non é o mesmo que ter mal a provincia, que é o que realmente sucede.

Intervén o **Sr. presidente** para puntualizar que no debate plenario do Parlamento ao que se referiu o Sr. Iglesias Pérez, di que, efectivamente, no ano 2009 gañou as eleccións o PP, pero antes se puido reflectir algo no orzamento aprobado para o daquela Plan Termal do Concello de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

Ourense, agora estamos a falar dun plan termal de carácter provincial. Cre que neste tema nos debe guiar a colaboración, porque o termalismo non ten que entender para nada de cuestións partidistas. Hai realidades como a contía dos orzamentos da Deputación para a execución do plan que se asinou no Carballiño, de 1.500.000 euros. En 2015 consígnanse 300.000 euros para os concellos. Estase en colaboración con RENFE para traslados; cos balnearios para termalismo saudable, etcétera. Seguirán convidando á oposición a todos os actos, tanto se son en días laborables como en festivos (como o día da Ourensanía o 11 de novembro) e espera a máxima colaboración de todos, porque isto debe unir e non dar lugar a enfrontamentos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

13ºD.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CONDUTAS REPROBABLES E ANTIÉTICAS.-

Logo da declaración, por unanimidade, da urxencia da moción, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga para que expoña o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o 22 de xaneiro, catro exconcelleiros do Partido Popular, hoxe independentes, e un do PSdeG, tamén exconcelleiro Popular, asinaban a presentación dunha moción de censura no concello da Mezquita contra o alcalde do BNG, Rafael Pérez Vázquez. Naqueles días previos, as reiteradas visitas do portavoz dos independentes e exalcalde do PP, ao Pazo Provincial, fíxolles sospeitar que tiña que haber algo máis que mera coincidencia entre ese feito e o da presentación da moción de censura, sospeitas que quedan disipadas no momento en que o presidente anuncia a recuperación do que fora antigo alcalde do PP para presentalo como candidato á alcaldía pola súa formación política. Con esta decisión non só amosa a ausencia total da máis mínima deontoloxía política, da que tanto presume, xa se sabe, dime de que presumes e direiche do que careces, senón que demostra que o único que realmente lle importa é perpetuarse no poder, do xeito que sexa, aínda que para iso teña que hipotecar a súa dignidade (se lle quedaba algunha), porque no fondo, non fai máis que darlle continuidade a unha práctica habitual nesta Deputación, que se leva producindo, de xeito reiterado, desde hai máis de 25 anos. O seu bautismo como presidente do partido foi nada máis e nada menos que fichar ao rutilante Messi da política, o entón vicesecretario da executiva provincial do PSdeG, Eladio Fernández. Continuou coa fichaxe estelar do actual alcalde dos Blancos, nun proceso esperpéntico, onde se mesturan acusacións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

cruzadas entre os candidatos, actual e futuro, noutrora inimigos acérrimos, de presunta exixencia de diñeiro. Continuou co exalcalde da Mezquita, xa veremos que acontece coa alcaldesa da Bola e o seguinte obxectivo será, a non tardar moito, un concello termal. O único termalismo que defenden vostedes e o ter mal a provincia, por que se alimentan das miserias e das necesidades da xente (xera miseria e aprovéitate dela). O Sr. presidente pensa que por repetir ata a saciedade palabras como ética e transparencia, iso, por si so, imprime carácter. Está errado, por máis que queira ser o adañl da ética e da transparencia, non pode ser exemplo de nada máis que de clientelismo e caciquismo rancio revestido de modernidade. Por moito que queira quitarse esa pátina resesa de enriba, vaino ter difícil, por non dicir imposible, por que xa hai moito tempo que o BNG e os cidadáns lle quitaron a careta. Por todo o anterior, o BNG solicita a adopción, por parte do Pleno da Corporación, do seguinte acordo: o Pleno da Deputación amosa a súa reprobación con todo tipo de prácticas nas que se utilizan as institucións, nomeadamente esta Deputación, ao servizo do Partido Popular, por antidemocráticas e antiéticas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que lle chamou a atención unha frase do portavoz do Grupo Popular, porque precisamente é do que evitan falar noutras mocións. O presidente fala de mollarse no termalismo pero non se molla no que hai que mollarse, e non pronuncia nin palabra, o que evidencia o que dá de si esa cuestión. O portavoz popular dixo antes que ía falar de pasado e agora tamén se vai falar de pasado. O compañeiro do BNG falou dunha rutilante fichaxe, e así foi como empezou o reinado do presidente como presidente do PP. Empezou o reinando fichando a unha persoa aproveitándose das miserias humanas e das súas debilidades, para presentalo como algo que lle pode facer dano ao partido da oposición, pero ao único que lle fixo dano foi ao mesmo Partido Popular, entre outras cousas, porque quedaron á altura do betume. Lembra que daquela era deputada unha alcaldesa e aquilo para ela foi un desagravio, porque sufría a aquela persoa como oposición no seu concello. Seguindo co pasado, a maiores diso, fixeron máis fichaxes de persoas que pertencían ao Partido Socialista: Sr. Galindo (traballador desta Deputación e que, segundo o Sr. Pascual, era un dos que pasaba os papeliños); D. Eladio Fernández (xa falou del o suficiente); Sra. alcaldesa de Porqueira (lembra que o expresidente dixera que aquilo era unha porcallada, pero a fixo); Sra. alcaldesa de Carballeda de Valdeorras, alcalde de Vilariño de Conso ... O único

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

rendible desas fichaxes foi D. Plácido Álvarez, porque o papel que lle impuxeron aquí ten tea, por iso algunha vez ten “ramalazos” de socialista. Non cre nas adhesións inquebrantables, pero as adhesións por interese son as peores, porque non obedecen á rexeneración democrática da que tanto se alardea, senón que obedecen á prostitución da democracia, que é o que se facía antes e que este presidente segue a facer. En canto a este tema parécelle moito peor quen o fai que quen deixa que llo fagan. Ao final tanto os que están dun lado como no outro seguramente que non comparten estas prácticas. Pode falar de cuestións que atinxen á súa organización no ámbito de Ribadavia, porque tamén alí houbo adhesións por interese dalgúns membros do PP e hoxe efectivos alí quedan tres, dous aínda os poderían utilizar, pero el négase a facer esas prácticas, porque iso é prostituír a democracia, porque os cidadáns votan por unhas siglas. O Sr. presidente vai chegar ás eleccións presentando nos observatorios que ten máis número de alcaldes, e algún deles saberá el por qué o volveu fichar. Está de acordo co espírito da moción que presenta o BNG. O Grupo Socialista tiña pensado enviarlle un informe ao Sr. Feijóo (como presidente do PP) dicíndolle cales son as prácticas que se fan desde aquí, o problema é que o Sr. Feijóo aínda as fai peores, e que pode acabar como Monago (non en cuestións de viaxes, senón de barcos). Con isto quere dicir que en xeral, non só na Deputación de Ourense, o Partido Popular é consciente destas prácticas e as practica. Podería ir a outras instancias superiores, pero nesas instancias aínda se fan cousas ben peores.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta o que xa ten dito noutras ocasións: o grupo provincial do Partido Popular en ningún caso vai participar en iniciativas que o único que pretenden é ocupar páxinas de periódicos e o tempo que poidan conseguir nos medios de comunicación. Néganse a isto tanto por responsabilidade política como porque entenden que xa está ben do “vale todo”. Toca dignificar a política, agora máis que nunca. Os cidadáns xa están fartos de que os políticos se boten porcalladas uns aos outros no canto de solucionar os problemas nestes tempos tan difíciles para moitas familias, que para iso están. Non pide punto final para nada nin para ninguén, pero en ningún caso os atoparán para alimentar barullos mediáticos. É certo que hai un Código Ético nesta institución (ao que votaron en contra) que inclúe disposicións moi concretas que están a observar. Distinguen claramente o partidista do institucional. Para o grupo de goberno ese é o camiño a seguir, respectando a liberdade individual das persoas. Néganse a pertencer a organizacións sectarias e non practican nin practicarán en ningún caso apartheid político. Sen acritude, quere lembrar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

algúns datos ao fío do que se propón na moción e preguntalles aos deputados do BNG se o seu concepto de ética inclúe levar como número 1 polo BNG a unha exmilitante do Partido Popular e filla dun alcalde lendario (gran alcalde por certo) tamén do Partido Popular (igual o pecado vai na penitencia); ou se inclúe tamén aceptar o voto dun concelleiro do PP para contar cunha alcaldía máis. Pregúntase se non será que a súa cacarexada ética cando lles vai ben queda en segundo ou terceiro plano. Resulta obvio que non poden votar a favor destas ocorrencias que o único que buscan é a resonancia mediática. Os cidadáns piden outras cousas. Piden centrarse nos problemas do día a día e non nestas guerrillas. O grupo de goberno así o entende, neso están e nesa teima seguirán.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que o seu concepto de ética vai en acadar maiorías absolutísimas e conseguilas como sexa. Como queren ter o concepto de ética en todas partes tamén a van ter en Soto del Real. Para o BNG a existencia das deputacións provinciais non ten ningunha xustificación e son o campo de cultivo perfecto para estas prácticas. Onte o dixo unha persoa que leva tempo sen militar no BNG, Paco Vázquez (di isto con sorna). A condena á inhabilitación de José Luis Baltar por prácticas nepotistas non é máis que a confirmación de que o clientelismo, a compra de vontades e o nepotismo son a razón de ser de institucións tan anacrónicas como estas. Por isto ao Sr. presidente non lle importa xogar sucio, mediante a utilización de todo tipo de estratexias para manter a súa rede clientelar e perpetuarse no poder. Nun extracto dun artigo dun insigne columnista, que se titula “A terra quere pobo” dise o seguinte: *tamén se podería obxectar que a evidencia da estrutura provincial, e máis concretamente das deputacións que institucionalizan a súa realidade, supón unha prolongación do estado centralizado, unha merma notable da autonomía municipal e unha eiva para o desenvolvemento das comunidades autónomas e das nacións. Defendidas durante o período constituínte como unha garantía das continuidades dos poderes fácticos do tardo franquismo, forzamente insertas como poder intermedio no sistema político, as deputacións constitúen hoxe unha inesgotable fonte de recursos económicos e políticos aplicados á pervivencia de estruturas de poder clientelar, cunha perniciosa influencia nos procesos de modernización política e administrativa. Desde a perspectiva galega, os poderes locais creados no contorno das deputacións supuxeron o freo para un verdadeiro proceso de comarcalización que puidesen servir de instrumento para a ruptura das redes clientelares baseadas na monopolización dos recursos e no control dos servizos e dos*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

equipamentos supramunicipais. Aínda así, penso que a maior parte das funcionalidades das deputacións non se deduce do seu carácter orgánico, nin da súa estrutura competencial e orzamentaria, senón do feito de ser collidas polo Partido Popular, para construír a ponte institucional que serviu de base para a creación dunha estrutura clientelar e localizada, que lonxe de ser sensible á necesidade dunha urxencia de modernización administrativa, pretende maximizar as posibilidades de control electoral e político que determinan a súa acción de poder. Iso o dixo alguén que non é o portavoz nacional do BNG, senón que foi unha persoa que antano foi moi importante dentro do Partido Popular, don Xosé Luís Barreiro Rivas.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que postos a dicir cousas que dicían antigos compoñentes do Partido Popular, lembra que o Sr. Palmou tamén dicía cousas. Quere entender que cando o portavoz do BNG se referiu ao Sr. Vázquez, se refería ao adestrador do Depor, porque non comparten que se poñan esas cousas como exemplo (o outro Sr. Vázquez era un cargo do Partido Socialista). Falouse dun Código Ético que non aprobou a oposición, pero daría igual que o tivese aprobado porque o grupo de goberno o incumpre sistematicamente. Reitera que a mellor fichaxe que fixo o PP foi o portavoz do Grupo Popular desta Deputación, porque ten que defender cousas ben difíciles de defender, e dixo que non mesturan o partidista co institucional. Di que o seu grupo vai facer un observatorio para poder dicirlle ao grupo de goberno a cantidade de persoas que se presentan polo Partido Popular e que son traballadores desta casa ou algún dos seus familiares traballa nesta casa, porque agora aínda hai máis que antes. Incluso hai a persoas que se colocan en diversas comarcas e cambian ao xefe do servizo para que vaian facendo o que hai que facer para chegar ás eleccións. Dicar que non se mestura o partidista co institucional soa a *pitorreo*. Di que nesta provincia coñece poucas persoas que se pasaran do Partido Popular ao PSOE e se o fixeron está mal feito, polo que iso non é escusa para que o PP faga isto en cantidades abusivas. Non se vai estender aínda que esta cuestión non por reiterativa deixa de ser grave e o certo é que o van seguir facendo. Pensa que igual xa andan pola zona onde el é concelleiro e avísalles de que teñan ollo co que se fai (non é unha ameaza), porque vai haber para todos nalgún sentido.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que para o Grupo Popular está claro que todos os cidadáns valoran as actitudes e os comportamentos éticos dos responsables políticos e nas actuais circunstancias entende que moito máis. Os cidadáns observan, valoran e logo deciden, así é e así debe ser. Incluso os responsables políticos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

observan, valoran e logo tamén deciden no seo das súas organizacións políticas. Todos os grupos teñen exemplos claros nas súas organizacións, ata o punto de que cualificados voceiros que se sentaron neste salón escaparon e non se sabe polo que, en todo caso, respecto absoluto á súa liberdade individual. Xa non entra na valoración de se o abandono da formación mantendo as credencias de concelleiros ou concelleiras é ético ou non. Pide máis traballo, máis propostas serias e concretas a favor desta provincia e menos ocorrencias para os medios. Para finalizar, di que non sabe quen lle puido dar a información ao Sr. Gómez Pérez, pero o voceiro que fala nunca militou no Partido Socialista e non vai falar agora da súa xuventude máis ou menos revoltosa.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, está de acordo en que ese tipo de prácticas son sucias, por iso quere ilustrar este peche cun soneto de Celso Emilio Ferreiro, que se titula “O expulsado”, que se refire ao que non se debe ver e ao que non se debe facer e que se transcribe a continuación:

*Por máis que miro e asexo
pra esta masa informe e lerda
eu outra cousa non vexo
sinon moreas de merda.
Merda adequerida ou herda,
merda diante i en pos,
grandes palleiros de merda
acugulada en montós.
Merda disposta en estiba,
merda debaixo e por riba,
merda a dereita i a esquerda.
Por iso penso que a perda
da expulsión foi positiva
pois liberoume da merda*

Intervén o **Sr. presidente** e di que está moi ben traído Celso Emilio Ferreiro, xa se trouxo antes cando se referiu ás verbas de Xosé Luís Barreiro Rivas, con ese limiar da Viaxe ao País dos Ananos, a terra quere pobo para ser fecundada, nunca virá de fóra remedio ou esperanza. Por certo, o Sr. Barreiro Rivas, como saben, protagonizou unha moción de censura no seu momento, mocións coas que o Código Ético desta Deputación se posiciona claramente en contra, e o outro día o Sr. Barreiro Rivas foi aplaudido por membros de todas as formacións políticas galegas no transcurso da entrega dun premio de xornalismo. Para rematar dá lectura a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

un parágrafo da última publicación de Emilio Pérez Touriño, expresidente da Xunta: Crise global e crise da política, unha ollada dende Galicia, que na súa páxina 192 describe cal é a situación do seu partido neste momento: *o Partido Socialista de Galicia ten un carácter pechado endogámico na súa organización. Está controlado por un reducido aparato de profesionais sen biografía laboral propia e estruturado por relacións clientelares no acceso aos cargos e á profesión.* Con isto non quere dicir que el tamén subscriba isto, pero é o que está escrito.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14).

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

O **Sr. presidente** anuncia que existe unha pregunta presentada o día 26 de novembro polo Grupo Socialista, para a súa resposta oral no Pleno, na que solicita que se respondan as seguintes cuestións: ¿Cal foi a cantidade total que esta Deputación lle ten dado a Emprede Ourense e en qué anualidades? ¿Cal foi o concepto das subvencións? ¿Algunha das subvencións foi por concorrencia competitiva ou foron todas a dedo? Tamén queren imaxinar que estarán en poder da Deputación os xustificantes dos conceptos que foron subvencionados e de ser así solicitan copia. Pensan que houbo solicitude para que estas subvencións fosen concedidas, polo que preguntan quen asinou ou asinaron as ditas peticións e solicitan copia delas.

O **Sr. presidente** di que esta non é a primeira vez que O Grupo Socialista formula esta pregunta, xa foi instada o 4 de abril de 2013, respondida cun informe da Sra. interventora do 10 de maio de 2013; o 9 de xullo de 2012 tamén a formularon e respondeuse o 6 de agosto de 2012. Agora vai responder o mesmo que se respondeu daquela, que é que en relación con esas axudas concedidas a Emprede Ourense, no ano 2005, non concurso para concesión de subvencións para adquisición de equipamento mobiliario para asociacións sen ánimo de lucro que realizasen actividades de interese social na provincia de Ourense por importe de 25.000 euros e a finalidade foi adquisición de equipamento mobiliario. No ano 2006 concedéuselle unha subvención nominativa na partida 31.311/480.00, por importe de 40.000 euros para gastos de funcionamento. No ano 2007, concedéuselle outra subvención nominativa na partida 31.311/480.00 por importe de 40.000 euros para gastos de funcionamento. No ano 2008, outra subvención nominativa na partida 31.311/480.01, por importe de 40.000 euros para gastos de funcionamento. No ano 2009, outra

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

subvención nominativa na partida 31.311/480.01, por importe de 40.000 euros para gastos de funcionamento. No ano 2010, outra subvención nominativa na partida 23.111/480.01, por importe de 20.000 euros para gastos de funcionamento. E tamén no ano 2010, dentro do concurso para asociacións e fundacións para a prestación de servizos sociais para o ano 2010, unha subvención por importe de 8.500 euros coa finalidade de gabinete de asesoramento xurídico para a inclusión social. O total global de todas é de 213.500 euros. Anuncia que se lles pasará de novo esta información así como tamén se lle pasará ao BNG.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, lembrando unha das propostas de resolución do Pleno do debate da provincia, sobre o compromiso do mapa provincial de estradas, gustaríalles que se fixera canto antes porque é de imperiosa necesidade (o BNG, se lle deixan, fará algunhas achegas por escrito dunhas estradas en concreto) en certas zonas polo avance das infraestruturas do AVE. Manifesta que xa hai uns meses que pediron unhas fotos e o Sr. presidente respondera que llas ía dar, e di que aínda non as recibiron, polo que aclaran que non as queren enmarcadas, que llas poden dar cando vexa oportuno. Para finalizar, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que non renegue do seu pasado, porque como dicía un cura do seu pobo: o que de novo é de dereitas non ten corazón e o que de vello é de esquerdas non ten coñecemento. Volvendo aos maios, di que a sociedade que está fóra podería dicir: eu son o probe do pobo galego, pra min non hai maio, pra min sempre é inverno, polo que non se pode ter a perspectiva en maio e hai que tela na xente que está na rúa.

O **Sr. presidente** di que toma nota de todos os rogos formulados.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que hoxe a todo o mundo se lle deu polas citas. En canto ás preguntas di que si é certo que algo se lle respondeu, pero agora queren os xustificantes do gasto así como quen pediu a subvención. De todos modos non están nada mal 213.000 para alguén que non se sabe realmente que desenvolve. En relación coa cita que leu do ex presidente da Xunta reta ao Sr. presidente a que non vindeiro Pleno traian os dous as súas vidas laborais e así se saberá cal é o mundo real e poder mandarllas ao Sr. Pérez Touriño para que tome nota.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo e do reto.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista, di que no Pleno de outubro preguntou sobre a factura electrónica. No Pleno do 14 de novembro, a quinta proposta do Grupo Popular era que se ía poñer en marcha o portal de factura electrónica F-Ourense. Agora parece ser que se lles

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de novembro de 2014
--

vai dar unha subvencións aos concellos para poder entrar no FACe. A día de hoxe hai 36 concellos dos 92 apuntados no FACe. Roga que os técnicos desta casa vaian polas comarcas e se reúnan coa xente dos concellos que leva este tema e lles expliquen o mecanismo, así como aos empresarios da zona, porque ata agora o mecanismo que se leva feito non custou nada, polo que non sabe se hai que pagar algo e non entende ese tipo de subvención.

O **Sr. presidente** toma nota do rogo e aclara que na Xunta de Goberno que tivo lugar antes deste Pleno se aprobaron as bases e convocatoria dun concurso para concesión de subvencións ás entidades locais da provincia para o cofinanciamento deses módulos de enlace. Espera que nos vindeiros días se poida facer esa asistencia tanto para concellos como para o sector privado para que antes de xaneiro de 2015 se vexa como unha oportunidade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non é o seu costume pedir a palabra por alusións e vai facer unha excepción porque lle molesta que non quede claro o que dixo antes sobre a súa persoa, polo que di que o humilde voceiro que fala nunca militou no Partido Socialista, algo que non estaba *reñido* coa súa xuventude máis ou menos revoltosa.

E, ás 14.21 horas do citado día vinte e oito de novembro de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,